



CEIP de Petelos

Memoria do curso escolar

2023-2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN. INFORME DE DIRECCIÓN.....	2
Persoal do centro.....	2
Servizos do centro.....	3
Proxectos do centro.....	3
Documentación do centro.....	5
Instalacións, equipamento, obras e arranxos.....	6
Organización dos equipos, departamento e órganos de coordinación.....	6
2. EDUCACIÓN INFANTIL.....	9
3. PRIMEIRO CICLO.....	11
4. SEGUNDO CICLO.....	14
5. TERCEIRO CICLO.....	18
6. ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.....	21
7. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.....	27
8. MÚSICA E DANZA.....	29
9. RELIXIÓN CATÓLICA.....	33
10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	39
11. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	43
12. EQUIPO DE CONVIVENCIA E IGUALDADE.....	46
13. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	48
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.....	54
AUDICIÓN E LINGUAXE.....	59
14. BIBLIOTECA.....	62
15. RADIO ESCOLAR.....	65
16. PLAN PROXECTA+.....	68
17. CP-INCLÚE.....	69
18. ANPA.....	70

1. INTRODUCCIÓN. INFORME DE DIRECCIÓN

En cumprimento do disposto no Decreto 374 e na orde do 22 de xullo de 1997 polo que se regula o ROC o equipo directivo deste Centro, xunto co Claustro de Mestres, elaborou a presente memoria de curso 2023-24, na que se avalían os aspectos e contidos das propostas feitas na Programación Xeral Anual; os seus obxectivos, dificultades ou as medidas propostas en cada caso.

Destacamos neste apartado, e a modo de resumo, os aspectos máis importantes e notas máis relevantes acontecidas durante o curso:

Persoal do centro

O profesorado adscrito ó centro neste curso é de 19 mestres. Como mestres itinerantes están : a orientadora, unha mestra de relixión e a mestra de AL, que comparten a súa actividade docente con outros centros.

- **Profesorado adscrito ó centro**

- 4 mestras de Ed. Infantil
- 5 mestres de Ed. Primaria
- 1 mestra de Linguas estranxeiras (inglés)
- 1 mestre de Linguas estranxeiras (francés)
- 1 mestra de Ed. Física
- 1 mestra de Ed. Musical
- 2 mestres de P.T.
- 1 mestra de AL
- 1 Orientadora
- 1 mestra de AL (Compartida)
- 1 mestra de Relixión Católica

- **Persoal Non Docente**

Neste curso contamos cunha coidadora asignada ó centro, para a atención de alumnado con NEAE.

Servizos do centro

Comedor escolar

O servizo de comedor, xestionado pola ANPA do centro, funcionou de forma ininterrompida dende o primeiro ata o último día de clase en modalidade de cátering a través da empresa “Arelas” cun custo de 6 € por comensal e día solto, ou unha cuota fixa en función dos días da semana que comeran. O número de comensais medio foi de 35 alumnos por día.

Servizo: “Aula madruga”

Esta actividade, organizada directamente pola ANPA do centro, desenvolveuse igual que o servizo de comedor escolar dende o primeiro ata o último día de clases presenciais. O servizo de “Aula Madruga” permite a aquelas familias que, por incompatibilidade co seu horario laboral, non poden traer ós seus fillos á hora de comezo das clases; deixalos no centro ata 1 hora e media antes do inicio do horario escolar ó coidado do persoal que se encarga da atención e da realización de actividades con estes alumnos. Dikir que a afluencia de nenos este curso aumentou, e tódolos días se precisou habendo nenos fixos dende primeira hora.

Transporte escolar

Para a atención do alumnado de transporte escolar dende a chegada dos autobuses ata o comezo das clases e dende a saída dos alumnos ata a chegada do transporte, establecéronse quendas de garda de autobús entre o profesorado durante estes períodos de tempo. Esta atención queda cuberta con 2 mestres do centro de forma rotatoria durante todo o curso. O alumnado transportado accede directamente o interior do centro no momento da chegada dos autobuses, agardando en diferentes aulas en función da súa aula.

Proxectos do centro

Plan de mellora de bibliotecas escolares

Coa intención de potenciar a utilización da biblioteca escolar e o fomento da lectura, o centro forma parte dende o curso 2019-20 do Plan de mellora de bibliotecas escolares convocado dende a Consellería. A biblioteca abriuse para o préstamo de

libros no mes de outubro, despois da formación de usuarios (de mestres e do alumnado). Dentro do PLAMBE, neste curso escolar participamos nos programas de “Radio na biblio”, “Biblioteca Creativa”, “Bibliotecas escolares solidarias”, “Clubs de lectura” e “Lectura e familias”.

Plan Proxecta

Neste curso o centro volveu participar no plan proxecta dentro da modalidade de **Proxecto de vida activa y deportiva (PVAD)**, a través do programa XOGADE, coa intención de promover a actividade física e un estilo de vida saudable. Neste curso participamos nas actividades habituais: Carreira de campo a través, xornadas de dinamización intercentros, Voleibol, Atletismo en pista.

E-DIXGAL: Neste 3º ano de participación continuouse nas 2 aulas onde está implantado, 5º de ed. Primaria e 6º Ed. Primaria .

Programa de fomento do reparto de Froita e leite fresca

Neste curso participamos por 3º ano consecutivo na convocatoria do FOGGA aos centros educativos para o reparto de Froita fresca e leite durante 2 períodos ó longo do curso escolar. Cun resultado moi satisfactorio por parte do alumnado e o profesorado. O reparto de froita e leite realizouse a todo o alumnado do centro.

Ponte nas Ondas

Este curso participamos por primeira vez neste programa.

As actividades que se realizaron inclúen:

- Investigación e documentación dos cantos de aguinaldo e de Reis.
- Posta en práctica das pezas musicais nas aulas e unha xornada de convivencia co IES de Mos.
- Creación de contidos radiofónicos.
- Coordinación e formación coa radio escolar.
- Colaboración coa asociación da comunidade de montes de Tameiga.

A pesar de que non se puidera saír á rúa a pedir o aguinaldo, leváronse a cabo o resto de actividades plantexadas no proxecto.

Como logros, sublíñase a grande acollida por parte da comunidade e a activa participación do alumnado.

Entre as dificultades atopadas, destacamos:

-A falta de formación específica para os mestres/as implicados. Sería interesante incluír formación oficial en radio e técnicas de produción radiofónica así como as potencialidades deste medio de comunicación para divulgar o noso patrimonio.

CP-INCLÚE

Neste curso iniciamos a nosa participación no CP-Inclúe, nas modalidades de Inclúe-T, Emociona-T, Iguala-T.

Polos Creativos +

Este é o 2º ano que participamos neste programa cuxo obxectivo é o traballo nas competencias STEAM. Destacar o atraso na entrega dos materiais por parte da Consellería (Este curso non recibimos ningún tipo de material, polo que non recibimos a dotación completa. Por outra banda destacar os aspectos positivos e as posibilidades da parte do material que sí recibimos. O alumnado puido probar diferentes dos materiais a través de talleres impartidos polo profesorado.

Documentación do centro

Neste curso actualizouse o “Plan Dixital” do centro, elaborado o curso pasado. Realizouse unha revisión e actualización do Plan de convivencia do centro.

Administración e xestión económica de centro

Respecto da xestión económica, sinalar o gasto en conceptos como: gasóleo para calefacción, e material de papelería e oficina. Neste curso ademais fíxose unha importante inversión en material hixiénico.

- Resumo comparativo dos ingresos da Consellería en concepto de “Gastos de funcionamento de centro” nos últimos anos
 - Ingresos no exercicio 2019: 15.247€
 - Ingresos no exercicio 2020: 11.324 €

- Ingresos no exercicio 2021: 7.614 € (ademais de 5.085€ que se incluíron na conta Xestión Orzamento do 2020)
- Ingresos no exercicio 2022: 11.007 € (ademais de 5884 que se incluíron na conta Xestión Orzamento do 2021)
- Ingresos no exercicio 2023: 8302 € (ademais de 5577€ de adianto que se incluírán na conta Xestión Orzamento do 2022)
- Ingresos no exercicio 2024: 12.337 € (ademais de 5.095€ de adianto que se incluírán na conta Xestión Orzamento do 2023)
- Ingresos recibidos PLAMBE
 - Fondos: 1.510 €
 - Ingresos Radio na Biblio: 500 €
 - Ingresos Biblioteca Creativa: 500 €
 - Ingresos Club de lectura: 1000 €
 - Ingresos Lectura e familias: 500 €
 - Ingresos Plan Proxecta
 - PVAS-Xogade: 250 €
- Ingresos CP-Inclúe: 1.697,27 + €
- Axudas EDLG: 332 €

Instalacións, equipamento, obras e arranxos

As obras de mantemento menores lévanse a cabo por parte do persoal de mantemento asignado ó centro. Das obras maiores e arranxos de importancia encárgase ben o Concello ou ben a Consellería de Educación.

Este curso non se realizaron grandes obras no centro e estamos pendentes da renovación da pista exterior por desnivelado do firme.

Organización dos equipos, departamento e órganos de coordinación

- O Claustro e o Consello Escolar desenvolveron o seu labor, reuníndose cada vez que foi preciso e cumprindo as súas funcións organizativas e pedagóxicas. O

profesorado (equipos, coordinadores de ciclos...) levou a cabo as súas reunións e traballaron con regularidade como queda reflectido nas correspondentes memorias finais.

- O Equipo de Dinamización Lingüística, desenvolveu o seu labor de potenciación e dinamización da lingua galega.
 - O Departamento de Orientación quedou constituído cunha orientadora compartida co CEIP Atín-Cela (Mos), unha mestra de PT definitiva neste centro e unha mestra de AL compartida, 1 mestra de AL provisional e un mestre de PT provisional. O seu labor centrouse no diagnóstico, detección de necesidades e elaboración de programas de apoio e seguimento ó alumnado con dificultades e necesidades educativas, coordinando tamén as actividades de apoio e titoría.
- Ó longo do curso, o Equipo de Actividades Complementarias e extraescolares programou e colaborou nas diferentes actividades nas datas con eventos especiais: Entroido, Nadal, Maíos, semana das Letras Galegas. Tamén dedicou parte do seu tempo ó labor de decoración interna do colexio, con murais axeitados á época do ano na que estabamos.
- Equipo Convivencia (Ver memoria respectiva)
- Equipo de Biblioteca (Ver memoria Biblioteca)

Incidencias relevantes e dificultades atopadas.

Queremos destacar que neste curso mantivemos e aumentamos os proxectos educativos nos que participamos dende o centro para buscar a mellora educativa (PLAMBE, Radio na biblio, Biblioteca Creativa, Club de lectura, Biblioteca solidarias e Lectura e familias, E-DI-XGAL, PROXECTA ,Proxecto de fomento do uso da lingua galega. CP-INCLÚE, e Polos Creativos +.

Axenda escolar 2023-2024

Exponse de seguido, a modo de cadro resumo, o calendario do curso no que se sinalan as datas máis significativas do calendario escolar

1º Trimestre	11 set: Inicio do curso escolar 12 outubro: Día da Hispanidade (non lectivo) 1 nov: Día de tódolos santos (non lectivo) 6 dec: Día da Constitución (non lectivo) 7 dec: Día do ensino (non lectivo) 8 dec: Día da Inmaculada (non lectivo) 22 dec - 7 xan: Vacacións de Nadal
2º Trimestre	12,13,14 febreiro: Vacacións de Entroido 25 marzo-1 abril: Vacacións de Semana Santa
3º Trimestre	1 maio: Día do traballo (non lectivo) 17 maio: Día das Letras Galegas (non lectivo) 20 maio: Día libre disposición do centro (non lectivo) 13 xuño: Día da Rosa (Festivo local) 21 xuño: Remate das clases

2. EDUCACIÓN INFANTIL

As tres aulas de Educación Infantil tiveron neste curso un total de 40 alumnos/as, quedando repartido o alumnado do seguinte xeito:

- Aula de 3 anos: 9 nenos/as.
- Aula de 4 anos: 16 nenos/as.
- Aula de 5 anos: 15 nenos/as.

Na última semana do mes de xuño do curso 22/23, celebrouse unha reunión coas familias dos nenos/as de novo ingreso para a aula de 3 anos na que estivo a titora. Nela, explicouse e deuse información sobre o período de adaptación, horarios e grupos.

Nos primeiros días do mes de setembro do curso 23/24, celebrouse unha reunión coas familias dos nenos e nenas de 4 e 5 anos. Ademais, as familias dos nenos/as de 3 anos, acudiron ó centro os días 7 e 8 de setembro para ter entrevistas individuais coa titora, na que se trataron aspectos relativos á situación persoal do alumnado.

O período de adaptación dos nenos de 4º de Infantil (3 anos) organizouse da seguinte maneira:

1. Os días 11, 12, 13, 14 e 15 de setembro os nenos/as acudiron á aula de xeito gradual:
 1. O luns 11 o *grupo A*, acudiu en horario de 09:30h a 11:30h e o *grupo B*, acudiu de 12:00h a 14:00h.
 2. O martes 12 os *grupos A e B* acudiron en horario de 09:15h a 12:15h
 3. O mércores 13 e o xoves 14 os *grupos A e B* acudiron en horario de 09:15h a 13:15h.
 4. O venres 15 os *grupos A e B* acudiron en horario de 09:15h a 14:00h.
 5. A partir do luns día 18 todos os nenos/as permaneceron na aula durante toda a xornada escolar, de 9:15h a 14:10h.

Por outra banda, neste curso seguimos a traballar por proxectos (“As olimpíadas”), con materiais elaborados polas mestras. Tamén se empregaron cadernos de razoamento matemático e grafomotricidade, así como diversos recursos TIC (tabletas, bee bot).

En canto aos apoios recibidos por parte do Departamento de Orientación nesta etapa cómpre mencionar:

-Na aula de 3 anos (4º E.I.) recibiron apoio da mestra de A.L 3 nenos/as. Nesta clase está escolarizado 1 alumno/a con NEAE.

-Na aula de 4 anos (5º E.I.) recibiron apoio da mestra de A.L. 8 nenos/as e da mestra de P.T. 3 alumnos/as. Nesta clase está escolarizados 2 alumnos con NEAE, polo que na aula hai unha coidadora que atende as necesidades específicas destes nenos.

-Polo que respecta a aula de 5 anos (6º E.I.) foron un total de 5 alumnos/as os que recibiron apoio da mestra de A.L. e 2 nenos/as da mestra de P.T.

En relación coas actividades complementarias, dicir que o alumnado de Educación Infantil participou en diversas propostas programadas dende os diferentes equipos docente de centro, tanto nas conmemoracións como nas celebracións máis sinaladas: Magosto, Nadal, Día da Paz, Semana dos experimentos, mochila viaxeira, Entroido, Día de Rosalía, Día da muller, Día da Danza, Semana das Letras Galegas, os Maios, etc.

Tamén, o alumnado de Infantil gozou de varios contacontos, entre os que están: o de Luisa Villalta polas letras galegas; o de María Canoso, autora de contos que foron lidos en infantil; igualdade, impartidos por alumnado do IES de Mos. Ademais, destacamos a actuación das “Madamas e Galáns” e a andaina pola contorna do centro co alumnado do IES de Mos,

No segundo trimestre realizamos unha saída, ó parque da Canuda (Salvaterra), e no terceiro trimestre, dúas, ó teatro Afundación (Vigo) e ó Corazón de Carballo (Tomiño).

Este curso seguimos participando no programa de almozos saudables, co reparto de froita e leite aos nenos/as en dous períodos de tempo ao longo do segundo e terceiro trimestre. Unha iniciativa moi ben acollida polas familias e o alumnado.

A valoración final do curso é positiva. En liñas xerais acadáronse os obxectivos propostos e a convivencia dentro das tres aulas de Infantil foi boa.

Agradecer ás mestras especialistas e ás mestras de apoio o seu traballo co alumnado de Educación Infantil.

3. PRIMEIRO CICLO

O equipo docente do 1º ciclo de Educación Primaria estivo formado polos seguintes integrantes:

TITORES	Marcos Penas Garrido (1º) e Iria Cuevas Rodríguez (2º)
ESPECIALISTAS	María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) Marcial Iglesias Amoedo (Pedagogía Terapéutica) Tamara Fernández Tenorio (Audición e Linguaxe) Raquel Domínguez Senlle (Música) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Patricia Rodiño Torres (Relixión) Doa González Gómez (Lingua estranxeira Inglés) Mª Vanesa Graña Fernández (Orientación)

DESCRIPCIÓN XERAL DOS GRUPOS

O grupo aula de 1º curso de Educación Primaria estivo integrado por 14 alumnos (9 nenas e 5 nenos) e o grupo aula de 2º curso por 17 alumnos/as (6 nenas e 11 nenos). Tanto o alumnado de 1º curso como o de 2º presenta unha gran heteroxeneidade en canto ao seu ritmo no proceso de aprendizaxe e ás súas necesidades de atención. Hai un gran grupo de alumnos que precisa de atención individualizada e apoio dentro de ambas aulas, xa que contan con dificultades académicas, dificultade para manter a concentración e un gran déficit de atención. No 1º curso recibiron apoio de P.T 6 alumnos/as aos que se lle pasaron diferentes probas sendo algúns dos casos derivados a neuropediatría. No caso do 1º curso detectáronse problemas de cohesión de grupo, xa que hai nenos que xeneran moitos conflitos debido á súa actitude dentro e fóra da aula presentando unha gran inquietude e nerviosismo. Isto deriva nun grupo algo inconexo pero con boa capacidade de traballo en xeral no que a totalidade dos alumnos/as promocionan ao 2º curso de Educación Primaria sendo, en xeral, positiva a consecución dos obxectivos e mínimos esixidos para o 1º curso.

Cabe salientar que neste grupo pasan 4 alumnos/as con materias instrumentais (linguas e/ou matemáticas) suspensas.

No 2º curso recibiron apoio de P.T e A.L un total de 8 alumnos/as. Promociona ao 3º curso de Educación Primaria a totalidade do grupo, aínda que un dos casos por imperativo legal e 2 nenos mais con varias materias sen superar. A pesar de dita circunstancia a consecución dos obxectivos marcados para o segundo nivel de Educación Primaria resultou en xeral positiva. O grupo presenta en xeral unha boa cohesión e o alumnado presenta un bo nivel de integración sin apenas conflitos.

Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado.

A nivel xeral, o alumnado acadou os obxectivos establecidos para o seu curso, contando coas excepcións de alumnado que promociona por imperativo legal ou con algunhas materias non superadas.

As principais dificultades presentadas son as debaixo descritas:

- Déficit de atención.
- Problemas de aprendizaxes derivados de diferentes casuísticas.
- Trastornos da linguaxe.
- Hiperatividade

No relativo ao número de supensos, no caso do primeiro curso de educación hai catro alumnos/as nesta casuística. No caso do segundo curso de primaria, o número de alumnos/as nesta situación son tres.

Valoración xeral das actuacións/actividades desenvolvidas polo departamento/equipo ciclo.

Ao longo do curso fixéronse diferentes actividades relacionadas co proxecto de centro e coas distintas festividadeas a celebrar e temáticas a traballar. Destacamos os obradoiros (xogos, actividades de polos creativos, etc) , charlas, contacontos, visitas dos autores do libro de aula, actuacións grupais, etc.

As actividades resultaron moi motivadoras e enriquecedoras para o noso alumnado.

Propostas de mellora para o seguinte curso

1. Continuar cos apoios individuais na aula así como por parte dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe nos casos do alumnado que o precisa para axudarlles a superar as súas dificultades e evolucionar favorablemente no seu proceso de aprendizaxe.
2. Levar a cabo actividades que melloren a cohesión de grupo e a xestión de conflitos no caso de que sexa preciso.
3. Contar coa colaboración das familias para que participen activamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
4. Levar a cabo as adaptacións curriculares de tres alumnos/as do 2º curso que presentan grandes dificultades de aprendizaxe.

Outras observacións

En xeral o alumnado ten unha boa convivencia pero hai casos puntuais nos que é preciso fomentar as dinámicas de grupo pertinentes para mellorar a cohesión de grupo, sobre todo no 1º curso.

A maiores, puntualizar que están pendentes de elaboración varias adaptacións curriculares de cara ao vindeiro curso e que deberán continuar con apoio de PT e AL os alumnos/as que así o precisen.

4. SEGUNDO CICLO

Neste curso escolar 2023/24 impartín docencia a un grupo de 15 nenos e nenas de terceiro de primaria, concretamente 8 nenas e 7 nenos. Unha nena incorporouse no mes de maio.

O equipo docente de **3º de Educación Primaria** estivo formado por :

TITORA	Ana M ^a Álvarez Rocha
ESPECIALISTAS	María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) Sandra Beatriz Pérez Lorenzo (Audición e Linguaxe) Raquel Domínguez Senlle (Música, Sociais e Plástica) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Patricia Rodiño Torres (Relixión) Doa González Gomez (lingua extranxeira)

Como aspectos salientables a destacar en relación ao alumnado da miña aula, dicir que é un grupo moi bo, cohexionado, traballador e participativo.

O clima de traballo é adecuado e todos acatan as normas

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

En xeral, os obxectivos deste curso foron acadados, cun nivel medio-alto tanto na adquisición da competencia lingüística e matemática como coas demais competencias. Respecto dos resultados finais, os 15 alumnos neste caso promocionan a 4º con todas as áreas aprobadas.

Cinco alumnos/as acuden a apoio por diversos motivos e reciben reforzo coa mestra de PT, un coa mestra de AL e profesorado con disponibilidad horaria.

O fomento da lectura mediante diferentes técnicas foi fundamental para promover a autonomía na aprendizaxe do alumnado e mellorar o seu rendemento escolar. Tódolos días despois do recreo, na hora de lectura establecida polo centro, promovíase a lectura de diferentes maneiras (lectura compartida, individual, en diferentes soportes...) e con distintos recursos; actividades de comprensión lectora, a mochila viaxeira, creación na aula de distintos libros .

Leváronse a cabo diversas metodoloxías, coa realización de actividades tanto individuais, en parellas (xogos, entrevistas) coma colectivas (experimentos, exposicións, gravacións), poñendo especial énfase no traballo cooperativo, a aprendizaxe por descubrimento e a realización de traballo por proxectos e tarefas de aprendizaxe integradas.

E por último comentar que empreguei a aplicación de abalarmóbil e o correo electrónico para poder comunicarme directamente coas familias e co alumnado e poder así resolver calquera dúbida ou pregunta que me quixeran comunicar, ademais de titorías trimestrais.

4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O grupo de aula está integrado por 15 alumnos/as, unha alumna incorporouse máis tarde.

O equipo docente de 4º de Educación Primaria estivo formado por :

TITORA	Rosa López Martínez
ESPECIALISTAS	María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) Raquel Domínguez Senlle (Música) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Patricia Rodiño Torres (Relixión) Doa González Gomez (lingua extranxeira)

Este curso, o grupo de cuarto de Educación Primaria, estaba formado por 12 alumnas e 3 alumnos.

Utilizouse una metodoloxía variada: individualizada, proxectos, dixital, experimentos, exposicións.

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

En xeral, os obxectivos deste curso foron acadados, cun nivel medio-alto tanto na adquisición da competencia lingüística e matemática como coas demais competencias. Respecto dos resultados finais, os 15 alumnos neste caso promocionan a 5º con todas as áreas aprobadas excepto un que non acadou os obxectivos en certas materias.

Catro alumnos/as acuden a apoio por diversos motivos e reciben reforzo da mestra de PT, no primeiro e segundo trimestre e un no terceiro trimestre e profesorado con dispoñibilidade horaria.

O fomento da lectura mediante diferentes técnicas foi fundamental para promover a autonomía na aprendizaxe do alumnado e mellorar o seu rendemento escolar. Tódolos días

despois do recreo, na hora de lectura establecida polo centro, promovíase a lectura de diferentes maneiras (lectura compartida, individual, en diferentes soportes...) e con distintos recursos; actividades de comprensión lectora, a mochila viaxeira, creación na aula de distintos libros .

Leváronse a cabo diversas metodoloxías, coa realización de actividades tanto individuais, en parellas (xogos, entrevistas) coma colectivas (experimentos, exposicións, gravacións), poñendo especial énfase no traballo cooperativo, a aprendizaxe por descubrimento e a realización de traballo por proxectos e tarefas de aprendizaxe integradas.

E por último comentar que realicei catro titorías con cada familia.

SAÍDAS E ACTIVIDADES

Campo a través. (3º e 4º)

Visita APAMP. (3º e 4º)

Visita ao centro As Esclavas da Virxe Dolorosa. (3º e 4º)

Obradoiro consumo do Entroido. (3º e 4º)

Visita de Madamas e Galanes, polo Entroido. (3º e 4º)

Visita ao teu súper. (3º)

Salón do libro infantil e xuvenil-Pontevedra. (3º e 4º)

Augas do Louro. (3º e 4º)

Policía Local, seguridade viaria. (4º)

Obradoiro de Biblioteca creativa Brazolinda. (3º)

Obradoiro de collage Pablo Gallego. (4º)

Saída Intercentros-Atletismo_Ifevi. (4º)

Charlas diversidade. (3º e 4º)

Charlas diversidade familias. (4º)

Contacontos Concello. (3º)

Obradoiro de Compostaxe. (3º e 4º)

Excursión fin de curso, parque a Canuda, Salvaterra. (3º e 4º)

Concerto didáctico, Torroso. (3º e 4º)

Realización do programa de radio o día da actividade Física, reparto de premios. (3º e 4º)

Obradoiro xogos de madeira. (3º e 4º)

Charla do IES sobre a Diversidade. (3º e 4º).

Ademais participamos en todas as actividades e celebracións que realizou o centro:

CELEBRACIÓNS

Durante o curso as clases de 3º e 4º participaron nas actividades propostas polo equipo de actividades complementarias e de dinamización lingüística, na decoración e nas actividades relacionadas coa exposición da entrada do colexio e nas actividades do proxecto de centro : "As Olimpíadas".

Este curso inauguramos a biblioteca e xa puidemos visitala e facer préstamos, igual que o curso pasado contamos coas mochilas viaxeiras como préstamo de libros e participación das familias. Na hora de lectura, facemos lectura grupal en galego ou en castelán e a partir de xaneiro traballamos o libro "A banda dos insectos" de Celtia Figueiras (3º) e "A señorita Bubble baixo cero " de Leticia Costas (4º)

Samáin – Traballo individual na aula, obradoiro de costura e xogos.

Magosto – Traballos individuais a nivel de titoría na área de artística. Participación na festa organizada no centro e desenvolvida no patio do colexio, onde cantamos unha cantiga popular galega co resto do alumnado.

Participamos no campionato de chapas e bólas organizado polo EDLG. .

Nadal - Actividades individuais por titoría con traballos para adornar a aula, obradoiro de costura. Os alumnos do IES viñeron cantar os cantos de Reis e o alumnado de 4º foron a cantar ao instituto e merendaron alí.

Día da Paz – Traballo individual na aula e decoración.

Entroido - Traballo e disfraces a nivel de aula.(Semana do Meco e disfrace completo o último día). Disfrazámonos de tenistas, participando na actividade realizada dentro do cole.

Día do Libro : traballamos o apadriñamento de aulas.

Letras Galegas: fixemos un traballo para a Revista "As Novas do Perral".

Día da danza: participamos en diversos bailes coa colaboración das familias.

Maios: cada aula axudou a elaborar un elemento ornamental que a profesora de música colocou no patio do cole. Participou na festa dos maios, cantando as coplas elaboradas polo grupo clase.

Andaina pola lingua: o alumnado do cole xunto ao IES realizaron unha andaina pola contorna.

Petela Olimpíadas: todo o colexio participou nunha xornada de xogos olímpicos e reparto con medallas, actividade relacionada coa PDI.

CONCLUSIÓNS OU PROPOSTAS DE MELLORA

Continuar reforzando o traballo relacionado co desenvolvemento das competencias, especialmente a competencia lingüística e a competencia matemática.

Empregar as técnicas de estudo (subliñado, esquemas, resumo) e orientar aos alumnos/as sobre os hábitos de estudo na casa, dar pautas sobre os lugares e horarios de estudo.

Potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula e na casa a través das distintas materias.

Manter o apoio, xa que resulta de gran axuda nos casos sinalados, reflectíndose positivamente nos resultados acadados polo alumnado.

Promover actividades e obradoiros de animación á lectura dende a Biblioteca do centro.

5. TERCEIRO CICLO

Valoración Xeral

Cunha avaliación inicial ao alumnado de 5º comprobouse o nivel curricular adquirido no curso 2022-23 e estableceuse un punto de partida no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Avaliouse o grao de consecución das competencias nas diferentes áreas segundo os indicadores para cada unha.

Continuamos coa nosa participación no "Programa Edixgal", o que fixo que todo o alumnado tivese un portátil persoal e posibilidades de acceder aos contidos de ensino da plataforma educativa EVA.

A clase de 5º tivo 16 alumnos e alumnas. En xeral é un grupo que acadou maioritariamente todos os obxectivos propostos.

Deste grupo catro alumnos e alumnas recibiron apoio da profesora de P.T. en diferentes sesións dentro da xornada escolar, nas áreas de lingua e matemáticas, e unha recibiu tamén apoio na aula por parte do profesorado con disposición horaria, nas áreas de matemáticas e lingua e literatura galegas.

A clase de 6º de primaria tivo 14 alumnos e alumnas. Neste grupo temos un alumno cunha adaptación curricular que contou durante o curso cun mestre de apoio na aula con 9 sesións semanais. Destacar 1 alumno que precisou axuda mediante reforzo personalizado

do mestre de apoio na aula e da titora para traballar as súas dificultades na lectura, escritura, cálculo e razoamento. A valoración xeral de 6º de primaria é moi positiva. Na avaliación ordinaria, os 14 alumnos promocionan curso e etapa.

O desenvolvemento do traballo en xeral foi moi bo, o rendemento moi aceptable. A convivencia entre o alumnado foi adecuada e non houbo problemas significativos de disciplina. A acción titorial desenvolveuse con normalidade e estivo marcada pola boa relación entre as titoras, nais e pais.

Actividades complementarias

Como complemento ás actividades escolares establecidas, neste curso, o alumnado de terceiro ciclo desenvolveu as seguintes actividades complementarias:

Charlas taller sobre mediación entre escolares dentro programa inclúe-T (outubro).

Charla do club vitaminas (outubro).

Obradoiro creativo de Samaín coa participación do alumnado voluntario de 5º e 6º aos alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º de primaria.

Saída a Zamáns dentro do programa "XOGADE" (novembro).

Actividade coa asociación APAMP, sobre deporte adaptado (novembro).

Realización de experimentos no mes da ciencia en galego coa gravación posterior e visita ás aulas de 5 anos de infantil, 2º de primaria e 3º de primaria para levar a cabo os experimentos realizados (novembro).

Revisión do composteiro por parte do alumnado de 6º (decembro)

Charla Axencia Tributaria (decembro).

Saída sobre discapacidade a cargo dun grupo representativo da asociación "Discamino" (decembro).

Preparación e actuacións polas aulas cos "cantos de Aguinaldo" .

Participación dos alumnos do voluntariado de 5º e 6º no mercado solidario de Nadal para colaborar no proxecto "Mos axuda" do Concello de Mos(decembro).

Celebración polo Día da Paz (xaneiro).

Charlas e talleres STEM para o alumnado de 6º (febreiro).

Saídas actividades deportivas dentro do programa XOGADE (febreiro).

Charlas plan director sobre seguridade na rede (febreiro).

Participación en diferentes actividades polo día de Rosalía (febreiro).

Preparación e celebración do entroido sobre o proxecto do centro: “As olimpíadas” (febreiro).

Saída Xornada Intercentros (marzo).

Visita ao Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia. (marzo).

Saída a actividade matemática “Mates no teu super” para o alumnado de 5º (marzo).

Andaina Interxeracional (marzo).

Apadriñamento lector: apadriñamos ao alumnado de infantil léndolles un conto no patio do cole (abril).

Visita autor para o alumnado de 5º (abril).

Saída ao CEIP de Pena de Francia, dentro do programa “Deporte na Escola” (abril).

Visita a Casa-Museo de Rosalía ,por parte do alumnado de 6º (abril).

Saída a Innovart feira sobre artes plásticas en Santiago (abril).

Saída ao IFEVI dentro do programa “Deporte na Escola” (abril).

Participación por parte do grupo do alumnado de 6º no “Rebumbio matemático galego ” (abril).

Actividades enmarcadas dentro da celebración do “Día da Danza” (abril).

Elaboración dos materiais e participación na festa dos maios (maio).

Charla sobre diversidade a cargo da asociación ARELAS (maio).

Charla sobre a elaboración artesanal de instrumentos musicais (maio).

Realización de diferentes actividades sobre as Letras Galegas 2023 e o autora : Luísa Villalta”. (maio).

Visita autora do libro para o alumnado de 6º de primaria (maio).

Andaina pola lingua co IES de Mos (maio).

Visita ao Son do Regueiro por parte do alumnado de 6º para conmemorar as Letras Galegas. (maio).

Charla sobre as emocións para o alumnado 6º (maio).

Obradoiro de radio a cargo de Pedro Iglesias dentro do programa de Radio na Biblio (maio).

Xornada final Intercentros para o alumnado de 6º (maio).

Participación con diversos traballos para a revista dixital “As novas do Perral” (maio).

Charla de introdución do IES para o alumnado de 6º (maio).

Saída actividade de surf para o alumnado de 5º (xuño).

Actividades para a participación nas primeiras Petelaolimpíadas dentro da PDI traballada no centro (xuño).

Taller xogos tradicionais de madeira (xuño).

Actividade sobre a igualdade a cargo do IES de Mos (xuño).

“A mochila viaxeira”, permitiu achegarnos a novos libros e novas experiencias.
Participación de parte do alumnado de 5º e 6º como “axudantes de biblioteca”.
Participación de parte do alumnado de 5º e 6º no Clube de Lectura da biblioteca.
Participación no programa “Almorzos saudables” proposto desde o departamento de E. Física.
Participación do alumnado “ambientación musical na hora de entrada ao colexio”.
Participación de todo o alumnado da aula en varios programas de radio.
Participación en varias charlas sobre o composteiro, para valorar a evolución da nosa compostaxe dentro do proxecto do centro .

Outras actividades complementarias nas que participamos, foron todas aquelas que por tradición se fan no colexio: Magosto, chapas, Nadal, Entroido, Día da Paz, bólas .

Moitas actividades foron propostas polo Equipo de biblioteca e de Actividades complementarias así como o departamento de Educación Física.

6. ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

A ensinanza da lingua estranxeira inglesa impartiuse dende o segundo ciclo de Educación Infantil (3 anos) ata o 6º curso de Educación Primaria.

·Educación Infantil

As clases nesta etapa estaban divididas en dúas sesións de 25 minutos cada unha, para tódolos niveis.

O alicerce principal das clases foi a comunicación oral, polo que as actividades estiveron baseadas nese principio. Ao longo dos tres niveis que compoñen a etapa de educación infantil pretendeuse iniciar ao alumnado na aprendizaxe da lingua estranxeira mediante a imitación de palabras e frases significativas.

Empregouse unha perspectiva lúdica, xa que nesta etapa educativa o xogo permite partir dun enfoque globalizado, motiva ó alumnado a participar nas actividades da aula, esperta o interese pola lingua e os aprendizaxes adquiridos e adquiren maior nivel significativo posto que gardan relación coas experiencias reais do alumnado ou situacións da vida cotiá.

METODOLOXÍA

Na materia de lingua estranxeira inglesa, na etapa de educación infantil traballouse cunha metodoloxía baseada no "learning by doing"; na súa tradución ao galego "aprender facendo". A través de distintos proxectos foise presentando o vocabulario e funcións comunicativas. Os 4 principais eixos foron as 4 estacións que englobaron en si mesmos outros mini-proxectos como as cores cálidas e o halloween no outono, as cores frías e os xoguetes en inverno, un repaso de tódalas cores, os bechos e as flores na primavera e as frutas e as comidas no verán. Así mesmo de forma transversal traballáronse as emocións diariamente xunto cos días da semana e o tempo meteorolóxico coa asemblea inicial na que nos preguntabamos como nos sentiamos cada día na lingua estranxeira.

ACTIVIDADES

As actividades realizadas foron en gran parte de corte lúdico con xogos que incluían movemento, xogos de cartas e fichas, xogos con música...; artístico como a realización de murais artísticos, manualidades de diferentes temáticas, actividades con plastilina...; así como audiovisual, pois graváronse cancións e vídeos de diferentes temáticas no croma. O emprego de libros de lectura tamén foi fundamental, e algún proxecto traballouse a partires dunha lectura como por exemplo a unidade da comida co libro "The very hungry caterpillar".

RESULTADOS

Os resultados foron positivos xa que o alumnado participou na aula de forma activa nos xogos e cancións nos que a lingua estranxeira se emprega como lingua vehicular. Ademais, a maioría conseguiron acadar os ítems propostos para este curso.

· **Educación Primaria**

Neste curso, as clases de lingua estranxeira inglesa da etapa de educación primaria realizáronse nunha aula de inglés de nova creación, na cal se centralizaron tódolos recursos e materiais, creando así un contexto que favoreceu a aprendizaxe do alumnado.

METODOLOXÍA

En liñas xerais, a metodoloxía que marcou as clases na etapa de educación primaria foi o enfoque comunicativo. Ademais empregáronse dinámicas como:

- **Traballo por Grupos:** Os estudantes colaboran en grupos pequenos para realizar tarefas conxuntas, o que lles permite practicar a lingua mentres desenvolven habilidades sociais e cooperativas.
- **Xogos e gamificacións:** A aprendizaxe a través do xogo é esencial para manter a motivación e o interese dos alumnos. Utilízanse xogos didácticos que permiten aprender vocabulario e estruturas gramaticais de forma divertida.
- **Cancións e gravación de videoclips e curtas:** As cancións son unha ferramenta eficaz para mellorar a pronunciación e a entoación, ademais de facilitar a memorización de estruturas lingüísticas. Algunhas gravámolas no chroma, así como algunhas curtas cuxo guión elaboraba o propio alumnado.
- **Uso das TIC:** Empregamos tecnoloxías da información e comunicación como a asemblea dixital, tablets e chroma, que permiten un aprendizaxe máis interactivo e atractivo. Ademais, realizáronse podcasts para a emisión en radio Petela.

·1º e 2º curso de Ed. Primaria

O ensino de inglés no primeiro ciclo estivo repartido en dous grupos correspondentes ao 1º e 2º curso do mesmo.

Nestes cursos, o ensino do inglés (ao igual que na etapa anterior) estivo baseado principalmente no uso de todo tipo de actividades de carácter dinámico, e do emprego do inglés a nivel oral. Tamén se traballou a comprensión oral. O enfoque comunicativo foi o que dirixiu a comunicación oral, obxectivo prioritario deste ciclo, e a motivación sentou as bases para a aprendizaxe, de xeito que a atención foi máis intensa, a aprendizaxe máis rápida e a actitude tranquila e relaxada ante a lingua estranxeira e a sociedade e cultura que esta implica.

Cos alumnos de 2º curso empezouse de maneira gradual e moi sinxela a introducir a destreza escrita (writing), sempre destacando a diferenza entre a pronuncia e a fala.

Entre os recursos empregados, mencionar o uso do libro de texto: All About us now 1 e All About us now 2, xunto cos recursos dixitais asociados e estes proxectos: contos, cancións, xogos, xogos interactivos e flashcards; así como material elaborado pola mestra tanto en formato físico como dixital, xa que nas dúas aulas o alumnado presenta diferentes ritmos de aprendizaxe e na aula de 2º cóntase cun alumno con adaptación curricular para o que se realizou materiais con pictogramas.

En xeral conseguíronse tódolos obxectivos propostos aínda que nalgún alumno se apreciou algunha dificultade co que houbo que reforzalos cunha atención máis individualizada. A pesares de que algún alumno/a non superara os mínimos de forma puntual nalgún trimestre, todos os alumnos superaron a materia na avaliación final.

·3º e 4º curso de Ed. Primaria

Nestes dous cursos de Educación Primaria, os resultados varían segundo cada nivel. En xeral, acadáronse satisfactoriamente os obxectivos previstos. O alumnado concienciouse da importancia da adquisición do vocabulario para a aprendizaxe do inglés e decatáronse da súa importancia como medio de comunicación dentro dun marco europeo.

Outro aspecto moi traballado foi a comprensión e produción oral, mediante diversos exercicios de audición e exposición oral, que lles permitiu afianzarse e coller seguridade ante o idioma.

Por outra banda, no referente á expresión escrita, foi traballada gradualmente dende o terceiro curso, incrementando en cada caso o nivel de dificultade das producións a medida que se ían acadando as competencias orais de comprensión e expresión de ideas, vocabulario e estruturas lingüísticas.

En canto aos materiais, empregáronse unha gran variedade de recursos: vídeos, worksheets, flashcards, word cards, pósters, audios, textos sinxelos, etc.; e os libros de texto de **All About Us Now**, en versión dixital xunto co caderno de traballo correspondente **Activity Book** a partir dos que se traballaron as diferentes competencias lingüísticas: writing, reading, listening e speaking, así como compoñentes culturais propios dos países de fala inglesa.

No caso destes dous cursos colaborouse co proxecto de centro realizando uns pósters informativos na lingua estranxeira dos deportes dos xogos olímpicos e as vestimentas dos xogadores olímpicos.

· 5º e 6º curso de Ed. Primaria

Nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria contouse coa ferramenta EDIXGAL que foi alternada a súa vez co Activity Book do proxecto All About Us Now da Editorial Oxford. Tamén se empregou material elaborado pola mestra xa que na aula de 5º contouse cunha alumna procedente doutro país que se incorporou a mediados do curso e que non contaba coa materia de lingua estranxeira no seu sistema educativo. Ademais en 6º de Educación Primaria había un alumno con AC polo que se procurou empregar a

metodoloxía DUA para favorecer a integración e os diferentes ritmos de aprendizaxe, pero sempre traballando as mesmas temáticas que os seus compañeiros/as.

No caso destes dous cursos colaborouse co proxecto de centro realizando un proxecto de investigación sobre os xogos paralímpicos no 5º curso, e un podcast sobre a cidade olímpica de Londres (enmarcado á súa vez nun proxecto de cultura inglesa) no curso de 6º.

Ademais, no 3º ciclo de educación primaria, neste curso iniciouse un clube de inglés con actividades voluntarias para os membros que decidiron inscribirse. Exemplos destas actividades foron a creación de Christmas crackers, un taller de lettering, competicións de xogos de mesa en inglés, sesións de cine, etc.

·Avaliación de resultados

A avaliación dos resultados estableceuse en base a consecución dos obxetivos propostos para esta área na PXA (Programación Xeral Anual).

·Resumo xeral e dificultades atopadas

As dificultades atopadas durante o curso varían dependendo da aula e das idades dos alumnos pero en xeral poderíamos resumilas nos seguintes puntos:

Ed. Infantil:

Dificultade para adaptarse as rutinas específicas da clase sobre todo no primeiro trimestre. Ademais cabe salienta a necesidade de algún apoio máis naquelas aulas con alumnado con NEAE.

·1º e 2º de Ed. Primaria:

A pesares de existir unha mellora na atención dos alumnos/as, estes grupos son moi diversos e presentan moitas dificultades de comprensión tanto escrita como oral de textos simples en inglés.

·3º e 4º de Ed. Primaria:

Nestes cursos comeza a dárselle máis importancia á escrita e lectura de textos en inglés.

En 3º curso, e especialmente no primeiro trimestre, teñen dificultades na escritura, polo que se decide darlle un enfoque principalmente oral. Pasada esta primeira fase, en xeral, o rendemento, o interese e a curiosidade dos alumnos pola lingua estranxeira aumenta paulatinamente

·5º e 6º de Ed. Primaria:

Poderíamos dicir que son os cursos de maior produtividade por parte do alumnado. A comprensión lectora aumenta considerablemente, son máis autónomos para a busca de información e o emprego de distintos materiais que serven tanto para a produción como comprensión de textos. A comprensión oral e escrita é boa en xeral, e as maiores dificultades aparecen na consolidación das estruturas gramaticais, tanto na produción oral coma na escrita.

· Conclusións e propostas de mellora:

A avaliación en xeral é positiva xa que a maioría do alumnado do centro acadou os obxectivos mínimos propostos amosando unha actitude positiva cara a materia de lingua estranxeira.

Dos datos extraídos dunha enquisa realizada polo alumnado podemos concluír que o material que lle resulta máis motivador e útil á hora de aprender inglés son os materiais elaborados pola mestra, en detrimento do libro de texto que adoita estar menos adaptado ás súas necesidades específicas de aprendizaxe e resulta menos significativo. Como obxectivo para os vindeiros anos establécese a progresiva eliminación deste material en favor doutros como portfolios persoais, materiais dixitais e manipulativos, etc.

Ademais sería interesante introducir no centro o programa de plurilingüismo ou reactivar o programa de bilingüismo, que se levou a cabo en cursos anteriores. Estes programas posibilitan o emprego do inglés como ferramenta de comunicación na rutina escolar por riba do seu emprego como obxecto de estudo.

7. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

A valoración do curso académico 2023-2024 foi positiva.

Dende a área de Educación Física promovemos a participación do centro no Plan Proxecta dentro do PVAS, no cal resultamos seleccionados co noso proxecto (Ver memoria Plan Proxecta).

1º e 2º curso

Os obxectivos mínimos propostos alcanzáronse practicamente na totalidade do alumnado. A maior parte melloraron o seu rendemento así como a concentración e a atención .

Os obxectivos relacionados coa Saúde e o coidado persoal melloráronse moito dende principio de curso, constituíndose o aseo como un hábito na rutina diaria da clase.

Os contidos desenvolvéronse segundo o previsto, con algunhas modificacións en canto a súa temporalización.

As dificultades atopadas nestes cursos foron principalmente a nivel de atención e autonomía (basicamente no momento do aseo persoal ó remate das sesións).

Neste ciclo un 30% do alumnado presenta NEAE dalgún tipo, polo que se fixeron bastantes adaptacións nas actividades para traballar a atención do alumnado.

3º e 4º curso

Nestes cursos polas características evolutivas dos alumnos seguíronse traballando os obxectivos relacionados co corpo, a imaxe persoal e a percepción (espacial e temporal), independentemente de que nestes cursos tamén se incida nas habilidades básicas e específicas, introducindo paulatinamente as actividades predeportivas insistindo no coñecemento e aplicación das normas como elemento de socialización e na eliminación das actitudes agresivas nos xogos de oposición. Deberase insistir tamén nos obxectivos relacionados coa aceptación das normas e hábitos de hixiene.

Alcanzáronse os obxectivos mínimos fixados para cada un dos niveis, cun bo nivel de implicación por parte dos rapaces nas actividades propostas.

Todos o alumnado do ciclo participou en varias actividades deportivas organizadas no tempo de lecer que se engloban dentro do noso PVAS dentro do programa XOGADE.

5º e 6º curso

Co alumnado de 5º e 6º traballáronse principalmente actividades predeportivas e de condicionamento físico, buscando que os nenos e nenas aumentasen os seus coñecementos e recursos para a práctica de diferentes actividades físicas.

Tanto na aula de 5º coma en 6º de primaria, atopamos certas dificultades na continuidade das sesións pola presenza de alumnado con NEAE.

Todos o alumnado do ciclo participou en varias actividades deportivas organizadas no tempo de lecer que se engloban dentro do noso PVAS dentro do programa XOGADE.

Por outra banda, os equipos que se fixeron nas sesións diarias sempre foron mixtos de tal xeito que se pode dicir que no noso centro non se aprecian esas diferencias típicas que os nenos e nenas fan, ás veces, entre xogos de nenos e xogos de nenas.

Material e Instalacións

En canto o material, está no almacén en bo estado, coa excepción dalgún bloque de psicomotricidade, así como balóns que se terían que replazar. Neste curso recibimos materiais específicos dende a Consellería e renovamos partes dos balóns específicos dos diferentes deportes.

Avaliación

En xeral considero a avaliación deste curso e de todo o proceso de ensino e aprendizaxe positivo, pois acadáronse os obxectivos previstos e os nenos e nenas participaron activamente, amosando moito interese pola materia na cal buscábamos o desenvolvemento integral do alumnado formándoos como persoas.

Propostas de mellora

De cara o vindeiro curso escolar 2024-2025, para o mellor funcionamento e conexión das Unidades Didácticas, reorganizaranse nos diferentes trimestres.

Para o curso que vén continuaremos traballando temas relacionados coa nutrición e a alimentación saudable e os obxectivos ODS que se poden incluír na nosa materia.

Tamén continuaremos coa proposta de facer os recreos máis activos e proporcionaremos aos alumnos diferentes materiais para a práctica deportiva, coa finalidade de crear un Patio Activo e continuar co PVAS. Así como tratar de obter maior implicación por parte das familias na práctica conxunta de actividade física.

8. MÚSICA E DANZA

VALORACIÓN XERAL

Este curso escolar resultou satisfactorio. A nivel musical, foi un curso bastante creativo, pois fixemos bastantes actividades de creación propia, algo que resulta moi motivador, tanto para o alumnado, como para a mestra. Ademais, estreamos nova aula, xa que onde estaba anteriormente a aula de Música agora está a biblioteca e, a pesar de ser algo máis pequena que a anterior, é moi luminosa e conta con espazo suficiente.

Educación Infantil.

A música en Ed Infantil resulta unha experiencia moi satisfactoria, xa que é unha maneira de introducir o gusto da mesma por parte do alumnado máis pequeno. Fixémolo a través de xogos, de cancións, de movemento e de baile. Ademais fixemos un achegamento aos distintos tipos de instrumentos de forma manipulativa e a través de xogos de discriminación auditiva. A resposta do alumnado foi moi boa, implicándose con moito interese nas actividades propostas. Valoro de xeito positivo o apoio recibido nas clases de 5º de Infantil, cun PT dentro da aula, atendendo un caso de NEAE.

1º e 2º de E. Primaria.

Introduciuse aos alumnos na nomenclatura convencional a través de diferentes xogos musicais, audicións e cancións. Por outra banda, empezáronse a explorar as posibilidades dos instrumentos de pequena percusión a través da manipulación, de distintas audicións e da iniciación á súa clasificación por familias. Tamén traballamos a expresión corporal a través de distintas coreografías e xogos de movemento.

Os contidos desenvolvéronse segundo o previsto, se ben é certo, que na clase de 1º moitas veces resultaba complicado manter a atención do alumnado, que se dispersaba con moita facilidade, dificultando tamén a realización de actividades de movemento, xa que é unha clase á que en determinados momentos lle resulta difícil seguir as normas. Na clase de 2º, ao haber un alumno con AC, e tres máis con NEAE, cambiamos en xeral a metodoloxía para todo o alumnado, traballando os contidos teóricos dun xeito máis práctico e manipulativo. Valoro de xeito positivo o apoio recibido nas sesións do mestre de PT, o cal facilitou moito o meu labor, sobre todo naquelas actividades que requerían dunha atención máis individualizada. Todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos previstos tanto en 1º como en 2º curso.

3º e 4º de E. Primaria.

Nestes cursos profundizouse no coñecemento de notas e figuras musicais, principalmente a través de exercicios e traballos de clase, e continuouse co desenvolvemento da expresión corporal. Completouse o espazo con audicións activas de diversos estilos musicais e un pouco de interpretación vocal e instrumental.

As sesións desenvolvéronse con normalidade, e todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos propostos.

5º e 6º de E. Primaria

A materia centrouse no desenvolvemento en máis profundidade da grafía convencional e os conceptos musicais, con interpretacións de distintas cancións acompañadas de distintos instrumentos. A danza tamén ocupou unha parte importante das sesións, así como as cancións de creación propia, tanto para diferentes festividades como para actividades propias da aula.

Todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos propostos.

MATERIAIS

Utilizáronse fichas nas que se foron rexistrando todos os apuntes, partituras e exercicios propostos para a asignatura, unha carpeta para gardar ese material, e unha libreta de pautas. Utilizamos tamén os instrumentos escolares dispoñibles no centro (xilófonos, metalófonos, pequena percusión...), así como a frauta doce a partir de 3º.

Empregamos tamén para todos os cursos un proxector xunto co equipo de música e o ordenador, o que supuxo un recurso moi práctico e moi útil.

Este ano continuamos coa aula virtual do cole, utilizándoa nos cursos de 3º e 4º en actividades puntuais. A idea é seguir mellorándoa pouco a pouco e seguir traballando con ela. Este curso, continuamos con Edixgal con 5º e 6º.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

En colaboración co grupo de actividades complementarias, e sempre dentro das actividades previstas para cada un dos cursos na programación, leváronse a cabo as seguintes actividades, que están subidas na páxina web do cole.

- **SAMAÍN:** para celebrar o Samaín, o alumnado de 5º e 6º, prepararon dúas versións diferentes, con instrumental Orff da canción “Os esqueletos”, que logo interpretaron para o alumnado de Infantil como público. A experiencia foi moi enriquecedora. O alumnado de 1º e 2º estivo reflexionando un pouco sobre os seus medos, que plasmaron nuns debuxos, que serviron para ilustrar a canción “Medomedá”, de Magín Blanco.
- 6. **MAGOSTO:** as clases de 3º e 4º foron as encargadas este ano de gravar a cantiga do Magosto, e ademáis, a clase de 4º creou a letra da segunda estrofa.
- 7. **25 DE NOVIEMBRE:** co alumnado de 5º e 6º gravamos a canción “Abre as xanelas”, con letra de Lupe Ces, mestra xubilada e gran activista na loita contra a violencia de xénero, e música da mestra de Música. A idea é o vindeiro curso facer o videoclip da canción.
- 8. **NADAL:** como cada ano, fomos pedir o **aguinaldo** polas clases. Cada curso aprendeu unha panxoliña, e foi cantala a dúas clases diferentes, recibindo o correspondente aguinaldo.

naldo en cada unha. Ademais, neste curso volvimos visitar o IES de Mos, e, como novidade, viñeron eles tamén pedir o aguinaldo ao noso cole. Valoramos moi positivamente esta colaboración entre o cole e o instituto, e non descartamos a idea para o vindeiro curso de visitar tamén algún centro de maiores, e a Escola Infantil que temos aquí preto do cole.

9. **UN NADAL DE ALOUMIÑOS:** o alumnado de 3º do noso cole, xunto con alumnado de 1º e 2º do CPI Laureano Prieto de A Gudiña, gravamos unha panxoliña conxuntamente, “Un nadal de aloumiños”, coa que nos presentamos ao concurso da RTVG “A canción do Nadal 2023”. A letra e a música foi composta por Ana Senlle, mestra do cole de A Gudiña. Na gravación contamos coa colaboración dos músicos Fernando Pernas e Pancho Álvarez. Foi unha experiencia moi enriquecedora, que valoramos moi positivamente.

- **DÍA DA PAZ:** este ano, para celebrar o Día da Paz, traducimos e gravamos a canción “Amizades para sempre”, por estar relacionada co PDI deste curso. A tradución fíxoa o alumnado de 6º, e a gravación realizámola na clase de Música. Nesta actividade colaborou tamén a mestra especialista en Inglés, preparando coa alumnado a partenesa lingua da canción.
- **DÍA DE ROSALÍA:** preparamos distintas cantigas con letra de Rosalía para interpretar no concerto na biblio que organizamos para celebrar este día.
- **DÍA DA DANZA:** para conmemorar o Día Mundial da Danza, que se celebra o 29 de abril, nas clases de Música preparamos cinco danzas de distintos países, e ese día saímos todos xuntos ao patio para bailar: alumnado, profesorado e familias. Un grupo de voluntarias e voluntarios de 5º e 6º, primeiro facían unha demostración de como era a danza, e logo bailabamola todos xuntos, organizados en seis rodas de aumnado de distintas idades. A actividade resultou moi ben, e acadouse o obxectivo de pasar un tempinho de convivencia e desfrutando da danza.
- **FESTA DOS MAIOS:** para celebrar a chegada da primavera, como cada ano, celebramos a nosa tradicional, na que todo o cole participa traendo material para elaborar o Maio: Infantil e 1º flores, 2º e 3º ovos, 4º laranxas e limóns, e 5º e 6º fiúncho, e participando na elaboración do Maio. Ademais, cada clase prepa-

ra coa súa titora as súas coplas, que logo ensaian na clase de Música, para logo cantalas o día da Festa dos Maios, que se celebra no patio do cole. Este ano volvemos contar tamén coa participación do profesorado e das familias. Ademais, o noso cole foi convidado a participar na Festa do Monte da Cruz, en Tameiga, levando o noso Maio e cantando as coplas arredor del. Acudiu un grupiño de familias cos seus filloe e fillas, e foi unha experiencia fantástica.

- **FESTIVAL DE FIN DE CURSO:** dende a aula de música fixemos a nosa aportación, preparando co alumnado as seguintes actuacións:

- “Pasodoble de Pazos de Borbén”: alumnado de 3º e 4º
- “Rap do Equipo Patito” : alumnado de 5º
- “Carros de fuego”: instrumentación Orff a cargo do alumnado de 6º
- “Himno da nosa escola”: alumnado de 6º e voluntarias e voluntarios de 3, 4º, 5º e 6º.

AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

A avaliación xeral que fago deste curso é moi positiva, pois todo o alumnado do centro acadou os obxectivos mínimos propostos, e a inmensa maioría amosou unha actitude positiva cara a materia. Ademais foi un curso moi creativo, no que creamos as nosas propias cancións en varias ocasións.

Como propostas de mellora, para o vindeiro ano, sería positivo seguir cun apoio de PT dentro da aula nas clases de 6º de Infantil e de 3º de Primaria.

9. RELIXIÓN CATÓLICA

1. Profesorado.

Nome e Apelidos	Función	Materias impartidas
Patricia Rodiño Torres	Mestre	Relixión

No CEIP Petelos situado no Camiño das Pozas, 36416 Mos, Pontevedra. Temos matriculados un total de 130 alumnos/as repartidos do seguinte xeito: 40 en Educación Infantil e 90 en Educación Primaria e escolleron Relixión católica un total de 50 repartidos entre primaria e infantil, en primaria son 33 .

2. Desenvolvemento da programación na materia.

Cursos		Programación Impartida		
		U. P.	U.I.	%
Primeiro	8	7	7	100%
Segundo	5	7	7	100%
Terceiro	8	7	7	100%
Cuarto	8	7	7	100%
Quinto	1	7	7	100%
Sexto	3	8	8	100%
	Total			100%
	33			

Unidades previstas: (U.P.) Unidades impartidas (U.I.)

2.1. Causas polas que non se impartiron as unidades previstas (de ser o caso).

Foron impartidas todas as unidades didácticas previstas na programación inicial, polo que os obxectivos do curso foron acadados.

2.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica (se as houber). Motivos das modificacións.

Non fixen modificacións da programación inicial.

3. Propostas de mellora a ter en conta na programación do próximo curso.

Preparar máis actividades para cada unha das unidades, xa que hai nenos que rematan axiña coas actividades propostas e desta maneira terei actividades extra para ese alumnado.

4. Avaliación dos resultados académicos:

Curso	Materia	% Aprobados Avaliación final						
1º	Relixión	100%						

2º		100%						
3º		100%						
4º		100%						
5º		100%						
6º		100%						

Todo o alumnado aprobou a materia de relixión, comentar que a avaliación se realizou dun xeito globalizado e integral tendo en conta non so os contidos adquiridos senón tamén a actitude, o interese, o esforzo realizado, o traballo da clase e o comportamento do alumnado. Levouse un seguimento da programación mediante o caderno da clase.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º PRIMARIA

No primeiro trimestre: demos o Tema 1: Coñezo novos amigos", Tema 2: Síntome querido e coidado!, Tema 3: Somos iguais! E parte do Tema 4: Celebramos un tempo moi especial!.

Ademais dos temas citados anteriormente, en determinadas datas como o Nadal, e Defuntos, fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No segundo trimestre acabamos o Tema 4 citado anteriormente e tamén demos o Tema 5: Compartimos moitas vivencias! E Tema 6: Emocionarme como María, a nai de Xesús!

Ademais deses temas, en determinadas datas, como o día da Paz, San Valentín a Pascua e aSemana Santa fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No terceiro trimestre demos o que nos faltaba do tema 5 citado anteriormente, o Tema 7: A Biblia, un libro sagrado con moito por descubrir. E o Tema 8: Que non falte a alegría!

Ademais de tratar eses temas, tamén traballamos o Día do Libro, o Día da Familia , e traballamos O Camiño de Santiago, e fixemos actividades sobre o Camiño centrándonos fundamentalmente no Camiño Portugués que é o que pasa polo Concello onde está situado o noso colexio, aínda que tamén traballamos, non con tanta profundidade o Camiño, Francés, o Primitivo, A Vía da Plata e o Camiño Inglés.

2º PRIMARIA

No primeiro trimestre demos dous temas e medio o Tema 1: Novo curso, novos descubrimentos, Tema 2: Cantos amigos de Deus na Biblia! E unha boa parte do Tema 3: Un grande agasallo, Xesús!

Ademais dos temas citados anteriormente, en determinadas datas como o Nadal, e Defuntos, fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No segundo trimestre acabamos o Tema 3 citado anteriormente e tamén demos o Tema 4: Amor con V máiscula!, e gran parte do Tema 5: Desde a madeira da túa Cruz!.

Ademais deses temas, en determinadas datas, como o día da Paz, San Valentín e a Pascua e Semana Santa fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No terceiro trimestre demos o que nos faltaba do tema 5 citado anteriormente, o Tema 6: Contigo, que grande equipo! e o Tema 7: Celebramos xuntos!.

Ademais de tratar eses temas, tamén traballamos o Día do Libro, o Día da Familia , e traballamos O Camiño de Santiago, e fixemos actividades sobre o Camiño centrándonos fundamentalmente no Camiño Portugués que é o que pasa polo Concello onde está situado o noso colexio, aínda que tamén traballamos, non con tanta profundidade o Camiño, Francés, o Primitivo, A Vía da Plata e o Camiño Inglés.

3º PRIMARIA

No primeiro trimestre demos o Tema 1: Vivo con responsabilidade, o Tema 2: Son de reli e parte do Tema 3: Chega Advento! Xa me quero preparar para o Nadal.

Ademais de empregar o libro de texto, en determinadas datas como o Nadal, e Defuntos, fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No segundo trimestre demos o que nos faltaba do tema 3 e tamén o Tema 4: a mirada de Amor a Xesús e o Tema 5: Mirando o mundo dende a Cruz..

Ademais do libro de texto, en determinadas datas, como o día da Paz, San Valentín, a

Pascua e a Semana Santa fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No terceiro trimestre demos os últimos dous temas: Tema 6: Os amigos de Xesús atopámonos na Igrexa! E o Tema 7: Celebramos en comunidade.

Ademais de tratar eses temas, tamén traballamos o Día do Libro, o Día da Familia , e traballamos O Camiño de Santiago, e fixemos actividades sobre o Camiño centrándonos fundamentalmente no Camiño Portugués que é o que pasa polo Concello onde está situado o noso colexio, aínda que tamén traballamos, non con tanta profundidade o Camiño, Francés, o Primitivo, A Vía da Plata e o Camiño Inglés.

4º PRIMARIA

No primeiro trimestre demos o tema 1: Novo curso, novos retos, O Tema 2: Cantos parecidos contigo e parte do Tema 3: O mellor agasallo para Nadal.

Ademais dos temas anteriormente mencionados, en determinadas datas como o Nadal, e Defuntos, fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No segundo trimestre demos o que nos faltaba do tema , o Tema 4: Seguindo os teus pasos e o Tema 5: Mirando dende a madeira da túa cruzAdemais deses temas, en determinadas datas, como o día da Paz, San Valentín a Pascua e a Semana Santa e fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No terceiro trimestre demos os últimos dous temas: Tema 6: Contigo, un grande equipo e o Tema 7: Celebrando tamén compartimos.

Ademais de tratar eses temas, tamén traballamos o Día do Libro, o Día da Familia , e traballamos O Camiño de Santiago, e fixemos actividades sobre o Camiño centrándonos fundamentalmente no Camiño Portugués que é o que pasa polo Concello onde está situado o noso colexio, aínda que tamén traballamos, non con tanta profundidade o Camiño, Francés, o Primitivo, A Vía da Plata e o Camiño Inglés.

5º PRIMARIA

No primeiro trimestre demos o Tema 1: Iguais e diferentes! Así somos!, o Tema 2: Amigos e veciños! E parte do Tema 3: Chega o Nadal o noso concello.

Ademais dos temas anteriormente mencionados, en determinadas datas como o Nadal, e Defuntos, fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No segundo trimestre demoso restante do tema 3 citado anteriormente, o Tema 4: Amo a miña familia e o mundo que me rodea! E o Tema 5: Quén é? Qué me namora? Qué fai Xesús?.

Ademais dos temas dados, en determinadas datas, como o día da Paz, San Valentín a Pascua e a Semana Santa fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No terceiro trimestre demos os últimos tres temas do libro: Tema 6: Igrexa e a biblia grandes valores para os cristiáns! E o Tema 7: Celebramos a festa da vida.

Ademais de tratar eses temas, tamén traballamos o Día do Libro, o Día da Familia , e traballamos O Camiño de Santiago, e fixemos actividades sobre o Camiño centrándonos fundamentalmente no Camiño Portugués que é o que pasa polo Concello onde está situado o noso colexio, aínda que tamén traballamos, non con tanta profundidade o Camiño, Francés, o Primitivo, A Vía da Plata e o Camiño Inglés.

6º PRIMARIA

No primeiro trimestre demoso tema 1: Prometo melloras, o Tema 2: somos iguais, o Tema3: O amor como meta e parte do Tema 4: Construindo a Paz.

Ademais dos temas anteriormente citados, en determinadas datas como o Nadal, e Defuntos, fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No segundo trimestre rematamos o tema 4 citado anteriormente, o Tema 5: somos tribo, o Tema 6: O agasallo..

Ademais dos temas citados, en determinadas datas, como o día da Paz, San Valentín e a Pascua fixemos actividades relacionadas con eses temas.

No terceiro trimestre demos os últimos dous temas o tema 7: O agasallo da creación e o Tema 8: somos festeiros..

Ademais de tratar eses temas, tamén traballamos o Día do Libro, o Día da Familia , e traballamos O Camiño de Santiago, e fixemos actividades sobre o Camiño centrándonos fundamentalmente no Camiño Portugués que é o que pasa polo Concello onde está situado o noso colexio, aínda que tamén traballamos, non con tanta profundidade o Camiño, Francés, o Primitivo, A Vía da Plata e o Camiño Inglés.

10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O equipo de Dinamización da Lingua Galega, como tiña previsto no proxecto inicial, reuniuse periodicamente, para programar, elaborar proxectos, desenvolver os programas e actividades xa iniciadas no curso anterior e dar a coñecer as novas. Asemade, desenvolver actividades en colaboración co concello, coa ANPA e coas familias do centro.

Ademais os membros de EDLG mantivemos reunións periódicas con todo o claustro de profesores para organizar e planificar aquelas actividades que aínda sendo propostas polo equipo afectaban a tódolos membros do centro e especialmente cos representantes das actividades complementarias e de biblioteca cos que, como no curso pasado, programamos e organizamos diferentes actividades en común.

Durante o mes de xaneiro preparouse a tramitación do “Proxecto de fomento de uso do galego” que foi remitido ao Servizo de Política Lingüística a finais de xaneiro.

A primeiros de xuño confirmouse a aprobación do proxecto por parte da Consellería de Educación, sendo a cantidade aprobada de 332 euros.

ACTIVIDADES

O EDLG xunto con todo o claustro, ANPA, familias e o Concello de Mos, desenvolveron as seguintes actividades que teñen como obxectivo fundamental seguir normalizando a lingua a través do exemplo diario, tanto nas conversas co alumnado, como cos pais e nais , así como con aquelas persoas que se achegaron ao centro, en resume que a nosa lingua sexa empregada cada día máis e mellor.

Todo o proxecto tivo como fío condutor o desenvolvemento de todas aquelas actividades que nos veñen suxeridas dentro do calendario escolar e promocionando ao mesmo tempo

aquelas que vimos que por arraigo no noso centro, xa gozan dunha aceptación. Quixemos colaborar, na medida do posible, co PDI do noso centro, que este ano era “**As olimpíadas**”.

Seguidamente imos facer un repaso das actividades que estaban na PXA de centro e ver o seu nivel de consecución.

5. Actividades incluídas no PXA que se levaron a cabo:

- Elaboración de carteis en lingua galega, con motivo das distintas festas escolares.
- Elaboración do Periódico Escolar “As novas do Perral”, en formato dixital, con traballos feitos polo alumnado.
- Actuación de contacontos e de autores/as de libros aconsellados.
- Realización de obras de teatro co alumnado para representar no centro.
- Realización de actividades interaulas (recitado, dramatización, música).
- Proposta aos pais e nais dunha relación de libros de lectura en galego, na campaña: “Polo Nadal un libro agasallar”.
- Participación nas xornadas convocadas pola Dirección de Política Lingüística, así como nas distintas propostas do Concello e doutras entidades que incidan na normalización da nosa lingua.
- Aumento na dotación de libros en lingua galega para a biblioteca do centro.
- Promoción do xogo tradicional "As chapas" . Ensinar normas, marcar campos e facer un campionato. (Xogouse durante o mes de novembro).
- Promoción do xogo tradicional das bólas. Ensinar normas, marcar campos e facer un campionato. (Estaba proposta para o mes de abril e xogouse en maio-xuño).
- Promoción doutros xogos tradicionais: goma, corda, mariola....
- Promoción da música en galego: polas mañás, para entrar no cole, poñiamos música en galego.

- Uso e almacenamento en Agueiro para compartir información e utilización do Abalar móbil para comunicarse coas familias.
- Uso e actualización da aula virtual do Centro.
- Uso das TIC como unha ferramenta máis na aprendizaxe.
- Actividades relacionadas co PDI de centro “As olimpíadas”, promovido dende a Biblioteca do Centro.
- Utilización de códigos QR para proporcionar información á comunidade educativa sobre as diferentes actividades que se fan no centro.
- Participación nas diferentes actividades propostas polo concello, e distintas entidades e que consideremos interesantes para completar e mellorar a actividade académica.
- Elaboración de materiais didácticos para a atención á diversidade.
- Utilización de materiais didácticos para a lectoescritura en galego.
- Participación nas festas escolares
 - Magosto: Concurso de “Búsqueda da castaña máis grande e pequena”, elaboración de portacastañas, preparación da cantiga do magosto.
 - Nadal: Preparación e representación dos cantos de aguinaldo nas aulas e no IES de Mos, actividade feita por todo o alumnado do colexio.
 - Entroido: Preparación das ordes do Meco para animar ao alumnado a ambientar a semana do entroido. No día grande, debido á choiva non puidemos facer o pasarrúas previsto dende o cole ata a capela de San Mauro polo que fixemos o desfile no patio cuberto do cole.
 - Día de Rosalía. Xunto co Equipo de Biblioteca fixemos unha proposta de actividades arredor da figura desta autora.

- Os Maíos : elaboración dun maio, e creación e interpretación das coplas dos maíos.
- Semana das Letras galegas :

* Realización de actividades educativas arredor da figura de Luisa Villalta, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2024.

* 21 días co galego. Propuxemos no centro, o reto de falar 21 días en galego, premiando ao alumnado cunhas chapas, por conseguilo, ou por tentalo (Esta actividade foi adiantada ao mes de abril, xa que o mes de maio estaba moi sobrecargado de actividades). Esta actividade tivo máis acollida nunhas aulas que noutras, como primeira toma de contacto estivo ben. Para o vindeiro ano valoraremos se manter os 21 días, ou centralos nunha semana pero máis intensamente.

- A radio escolar. Promover o uso e dinamización da lingua galega a través da radio escolar no centro. (Ver a memoria da Radio Escolar)

6. Actividades incluídas na PXA que se levaron a cabo parcialmente:

- Promoción da lingua a través do exemplo diario: neste senso , se ben é certo que en ocasións se leva a cabo, hai outras nas que non.
- Actualización da páxina web do centro.

7. Actividades incluídas na PXA que non se levaron a cabo:

10. Exposición de carteis relacionados coa autora homenaxeada, Luisa Villalta Gómez. Esta actividade non se chegou a facer, porque non chegaron os carteis ao noso centro por parte da Consellería.

8. Actividades non incluídas na PXA e que se levaron a cabo:

- Ademais, para conmemorar o Día de Rosalía de Castro, fixemos un concerto na biblioteca tocando distintos instrumentos e interpretando distintas cancións con letra de Rosalía de Castro.

- Maíos na Festa do Monte do Castro. Ademais de celebrar a Festa dos Maíos no noso cole, fomos convidados a participar na Festa do Monte do Castro, en Tameiga, levando o noso Maíos e cantando as coplas arredor del.
- Andaina pola lingua: conxuntamente co IES, en concreto co alumnado de 1º da ESO, para conmemorar o Día das Letras Galegas, fixemos unha andaina conxunta rodeando os dous centros de ensino, na que cada un levabamos un dorsal no que levabamos escrito o noso nome e unha palabra en galego. A andaina foi amenizada cun grupo de gaiterías/os do IES, coordinados pola mestra de Música do noso cole. Ao rematar a andaina, un alumno de 1º da ESO e ex alumno do cole encargouse de ler o manifesto aportado polo IES, logo entrevistou un profesor do instituto, e finalmente rematamos coa interpretación do Himno galego.
- Visita do luthier Alberto Davila, artesán de instrumentos da zona, e que nos achegou ao mundo da construción de instrumentos musicais.

Avaliación e propostas de mellora

A avaliación deste curso académico (2023-24) considérase positiva, xa que se levaron a cabo as actividades xa consolidadas doutros anos, e ademais introducimos varias novas, incidindo máis concretamente no uso da nosa lingua.

Como proposta de mellora de cara ao vindeiro ano, distribuír mellor o traballo entre os distintos compoñentes do equipo de Dinamización, sobre todo naqueles momentos nos que se xuntan moitas cousas, arredor do mes de maio, en torno ás Letras Galegas.

11. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .

Esta memoria fai referencia ás actividades complementarias .

O equipo quedou formalmente constituído no mes de setembro. Os seus membros son: Sandra Campos (coordinadora), Yolanda Pereira, María González, e María Iglesias , Rosa López, Marcial Iglesias, Marcos Penas.

Ao longo do curso tivemos diversas reunións para planificar o noso traballo.

Este curso 2023/2024 decidiuse, xunto co Equipo de Dinamización da Lingua galega e o Equipo de Biblioteca, traballar un proxecto común: "As Olimpíadas".

Cómpre mencionar que neste curso decidiuse que da decoración do centro se encargasen os distintos cursos. Distribuíuse do seguinte xeito:

“Árbore das estacións”

Outono: Infantil

Inverno: 1º ciclo

Primavera : 2º ciclo

Verán : 3º ciclo

CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS

En canto a decoración das distintas celebracións e conmemoracións , tamén quedou distribuída por cursos:

O Samaín e Magosto (Infantil)

Ambientación de Samaín,engadida á decoración de outono do vestíbulo.

Cabazas decoradas polos nenos/as nas súas casas . Exposición no vestíbulo.

No mes de novembro celebramos o Magosto facendo varias fogueiras no patio nas que asamos castañas que degustamos posteriormente divididos por zonas. Ademais os portacastañas que trouxeron da casa expuxéronse no vestíbulo.

O día do magosto fixéronse xogos populares

O tradicional xogo de chapas e canicas entre os nenos/as das distintas aulas de primaria foi no mes de novembro.

Día da Infancia

Traballouse en cada clase

O Nadal – Día da Paz (1º ciclo)

Decoración de Nadal no vestíbulo

Decorouse a árbore de Nadal con adornos a partires dun aro, cos materiais aportados polas familias

Día da Paz, exposición de aros olímpicos feitos con plumas decoradas con palabras relacionadas coa paz , elaborados por todo o alumnado nunha cortiza do vestíbulo.

Gravación dun vídeo no patio coa versión da canción “Amigos para siempre”, mentras o alumnado mesturado facía os aros olímpicos.

O Entroido (2º ciclo)

Decorouse o vestíbulo con ambientación desta temática

As ordes do Meco indicaban traer da casa un adorno relacionado cos Xogos Olímpicos

As fotos dos nenos/as disfrazados coas ordes do Meco expuxéronse nas cortizas da planta baixa.

O venres, día da celebración de Entroido, fixemos un desfile no patio cuberto do colexio. A temática estivo relacionada cos xogos olímpicos.

Celebración dos Maios

Cada clase preparou un maio coa mestra de música.

Cantáronse os maios en conxunto no patio do colexio, con presenza dos pais/nais.

Ademais entre todos elaboraron adornos para decorar o maio que estivo exposto na entrada do colexio.

Día de Europa

Traballouse en cada clase.

Día das Letras Galegas

Este ano cada clase realizou distintas actividades referidas ó autor homenaxeado ,M^a Luisa Villalta e preparouse a revista coas aportacións de cada aula.

Día do Medio Ambiente (3º ciclo)

Mural conmemorativo “Cada pinga conta” nunha das cortizas do vestíbulo no que cada curso escribiu un hashtag baixo o lema “Xeración-Restauración” (O alumnado de quinto e sexto axudou aos máis pequenos a escribilo)

Fin de curso

Festival de fin de curso no Multiusos , con presenza de pais/nais.

SAÍDAS

Saídas pola contorna.

Visitas e charlas ofrecidas polo concello.

Saídas asociadas aos proxectos “Xogade”.

Contacontos, concertos...

Saídas organizadas polas aulas.

AVALIACIÓN

A avaliación deste curso académico (2023-234) considérase positiva.

Cabe destacar a colaboración inestimable de todo o profesorado que participou na preparación das actividades e na decoración do centro. Así como a implicación e colaboración do alumnado de tódolos cursos e das familias.

12. EQUIPO DE CONVIVENCIA E IGUALDADE

Ao longo do curso 2023-24 o Equipo de Convivencia e Igualdade estivo integrado polos seguintes componentes:

- Iria Cuevas Rodríguez (coordinadora-2º Educación Primaria)
- María Vanesa Graña Fernández (Orientadora)
- Marcial Iglesias Amoedo (Pedagogía Terapéutica)
- Mª Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica)
- María González Iglesias (Apoio Educación Infantil)
- Leticia Blanco Collazo (directora-Educación Física)
- Patricia Rodiño Torres (Relixión)

O Plan de Traballo seguido polo Equipo de Convivencia e Igualdade ao longo do curso escolar 2023-24 estivo baseado na consecución dos seguintes obxectivos:

- 1.** Traballar no Plan de Mellora da Convivencia e Igualdade revisándoo e adaptándoo ás necesidades máis destacadas do centro seguindo a liña de traballo adoptada no curso pasado, incorporando ao mesmo tempo novas estratexias pedagóxicas que axuden a dar resposta ás mesmas.
- 2.** Traballar sobre as olimpíadas destacando a importancia de valores como o esforzo e a implicación para acadar os obxectivos que nos propoñemos.
- 3.** Promover a importancia de practicar deporte para levar un estilo de vida saudable.
- 4.** Promover a importancia das habilidades sociais baseadas nos valores de respecto aos dereitos dos demais e ás súas peculiaridades propias como medio para acadar una boa convivencia.

5. Propiciar a resolución pacífica de conflitos por medio do diálogo, o respecto, a tolerancia, a comprensión e a escoita.
6. Potenciar actitudes de esforzo, motivación e superación como medios fundamentais para acadar o éxito escolar así como calquera obxectivo que nos propoñamos.
7. Levar a cabo distintas actividades que fomenten a cooperación, o respecto e o traballo en equipo para que sexan valorados como medios esenciais para acadar unha boa convivencia así como obxectivos comúns no noso centro educativo.
8. Promover a igualdade e o respecto entre home e muller como un valor fundamental na sociedade actual para previr situacións futuras de violencia de xénero.
9. Destacar a importancia do acadamento da Paz no mundo así como a posibilidade de colaborar con dito obxectivo con pequenas accións da vida cotiá que se sustenten na xenerosidade, a solidariedade, a empatía, a igualdade e o respecto para cos demais.
10. Promover a importancia da reciclaxe e o coidado do Planeta.

As actividades realizadas para acadar os obxectivos anteriormente citados foron as seguintes:

- **Día da Violencia de Xénero (25 de novembro):** con motivo desta conmemoración levouse a cabo unha cadea humana con intercambio de mensaxes sobre a primeira deportista feminina en participar nunha maratón nas olimpíadas. Fíxose un video da cadea humana onde aparecían ditas mensaxes. Posteriormente levouse a cabo a visualización do video nas aulas. Durante a semana anterior o alumnado de 5º e 6º visualizou o video da carreira en honor a Katherine Switzer, primeira muller en participar correndo unha maratón.
- **Día da Paz 2024:** con motivo da celebración do Día da Paz 2024 levouse a cabo un acto ao aire libre na pista do patio do noso cole o martes 30 de xaneiro. Durante o acto

o alumnado sentouse no chan formando os aros olímpicos ao tempo que cantou a canción versionada dos Manolos “Amigos para siempre”. Tamén quedou inaugurado o Programa dos Mediadores, previa visualización nas aulas dun video explicativo o luns 29 de xaneiro.

- **Día Internacional da Muller 2024:** con motivo de dita conmemoración cada aula traballou sobre dúas deportistas femininas destacadas confeccionando un pequeno mural para cada unha delas onde se plasmaron os datos máis relevantes das súas carreiras deportivas (medallas obtidas, recoñecemento, traxectoria deportiva, lugar de orixe, deporte que practican, outras mulleres destacadas no seu mesmo deporte, xogos olímpicos nos que participaron...). Posteriormente fíxose unha exposición de todos os murais para ser compartidos coa totalidade do alumnado do noso centro educativo. Montouse unha exposición de libros con mulleres como protagonistas levada a cabo polo Equipo de Biblioteca que foi visitada polo alumnado de cada aula.
- **Día do Autismo:** en colaboración Equipo de Orientación propúxose a visualización dunha curtometraxe para traballar nas aulas sobre dita temática e tanto o alumnado como o profesorado levou unha prenda azul.
- Leváronse a cabo actividades de igualdade e diversidade que promoveron a importancia da integración e o respecto polos demais así como actividades que promoveron a importancia da reciclaxe e o coidado do Planeta.

13. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

A Orde do 24 de xullo de 1998, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 31/07/98), refírese no artigo 15º.2 á memoria do Departamento de Orientación como un documento que deberá redactar o orientador/a e determina que deberá recoller:

- a) Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.

b) Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio, se procede, na realidade educativa.

c) Propostas concretas de mellora.

Así, dando cumprimento ao prescrito, este Departamento presenta a avaliación-memoria do presente curso que foi elaborada a partir do establecido no Plan de Orientación co obxecto de constatar a realidade das actuacións desenvolvidas e os aspectos sobre os que será necesario incidir no próximo curso.

1. Catalogación, Constitución, horario:

Catalogación: O CEIP de Petelos conta con Departamento de Orientación Compartido co CEIP de Atín-Cela. O CEIP de Petelos é o centro base e é a súa vez Centro Adscrito do Departamento de Orientación do IES de Mos, xunto aos demais CEIP da Zona. .

Constitución: O día 14 de Setembro do 2023, procedeuse á constitución do Departamento de Orientación segundo sinala o artigo 4 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. O Departamento de Orientación queda constituído polos seguintes membros:

- María Vanesa Graña Fernández, xefa do Departamento de Orientación.
- María Jesús Navarta Pardo, mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Sandra Beatriz Pérez Lorenzo, mestra especialista en Audición e Linguaxe (itinerante).
- Tamara Fernández Tenorio mestra especialista de Audición e linguaxe en horario completo, dedicada a aquelas aulas con alumnado con dificultades e trastornos do neurodesenvolvemento.
- Marcial Iglesias Amoedo mestre especialista de Pedagogía Terapéutica en horario parcial para aulas de 2º EP e 6º EP.
- María Gonzalez Iglesias , coordinadora de Educación Infantil.
- Doa González Gómez, coordinadora de 1º e 2º de EP.
- Ana Mª Álvarez Rocha, coordinadora de 3º e 4º de EP.
- Laura Escudero Pereira, coordinadora de 5º e 6º EP.
- Leticia Blanco Collazo, Directora.
- María Iglesias Domínguez, Xefa de Estudos.

Horario: A xefa do Departamento de Orientación dedicou a este centro dous días e medio cada semana, (martes, mércores (media mañá) e xoves a tempo completo). O seu horario foi de 9:15 a 14:15 tendo dúas horas de itinerancia.

As actuacións do departamento desenvolvéronse nos seguintes ámbitos:

Orientación para a organización e funcionamento do centro:

- Mantivéronse reunións de coordinación con distintos centros e institucións externos.
 - Departamento de Orientación do IES de Mos, ao que estamos adscritos para axudar ao alumnado no momento de transición ao Instituto e posterior información aos membros do Departamento de Orientación e ao Equipo Directivo.
 - Servizos Externos ao Centro. Reunións con diferentes profesionais de Gabinetes psicopedagóxicos que atenden a alumnado deste centro.
 - Coordinación para facer seguimento de alumnos do centro usuarios/as dos Servizos Sociais do Concello.
 - Coordinación multidisciplinar con Aldeas Infantís, Gabinetes externos, Servicio de Atención Temprá (Mos e Porriño) Servizos Sociais e profesorado do centro para facer o seguimento de alumnos de Educación Infantil e de Educación Primaria.
 - Equipo de Orientación Específico: Mantívose contacto co especialista en Trastornos do Neurodesenvolvemento por un neno escolarizado en 4º de educación infantil, un neno de 5º de educación infantil e outro en 6º de educación primaria.
- Colaborouse nas revisións periódicas do PE e PXA.
- Seguimos o "Procedemento para a Atención á diversidade", no que se recollen os pasos a seguir para solicitar as demandas de intervención.
- Elaboráronse o Plan de Orientación, o Plan Anual de Actividades e a Memoria Final do Departamento de Orientación. Revisouse o Plan de Atención á Diversidade.
- Introducíronse os datos do DRDADI e DRDOrienta.
 - Puxéronse en marcha as propostas de mellora indicadas o curso pasado. En concreto:
 - Comunicouse aos titores coa maior brevidade posible os datos referidos ao alumnado que afecten a súa situación persoal e escolar.
 - Continuouse co rexistro de entradas e saídas de tódolos documentos do Departamento de Orientación: informes que trae a familia, informes ou documentos elaborados polo propio Departamento de Orientación e que son entregados ás familias, solicitudes de valoración dos titores ao Departamento de Orientación, información de becas (solicitudes, denegacións, aprobacións, informes que os acompañan, outros).
 - Realización de informes para os servizos de saúde.

- Solicitouse ás familias informes externos: médicos, gabinetes privados.
Recolleuse por escrito as entrevistas familiares.
 - Continuación co libro de actas do Departamento de Orientación.
- **Orientación e colaboración co profesorado:**
 - Mantivéronse reunións semanais de coordinación cos mestres especialistas en PT e AL, nas que se realizou o seguimento do alumnado con NEAE. O horario de ditas reunións eran os xoves de 12:35 a 13:25.
 - En colaboración cos mestres especialistas en PT e AL elaboráronse e reelaboráronse os horarios de apoio ao alumnado que atenden.
 - Colaborouse na detección das necesidades educativas especiais do alumnado e no tratamento das mesmas.
 - Asistencia ás sesións de avaliación e toma de decisións cara aos seguintes trimestres e próximo curso.
 - Realización de reunións cos titores que demandan unha avaliación psicopedagóxica para recoller información e informar dos resultados.
 - No 3º trimestre levouse a cabo unha visita dos nenos e nenas de 6º EP ao IES adscrito coa finalidade de facilitar a acollida deste alumnado o vindeiro curso. Tamén se recibíuse a visita dos alumnos de Bacharelato que están no IES e son antigos alumnos do centro que lles explicaron o funcionamento e as novidades do IES.

Orientación ao alumnado:

- I. Coordinouse, cos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e coas mestras especialistas en Audición e Linguaxe, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- II. Levouse a cabo a preparación de acceso á ESO do alumnado de 6º de Educación Primaria.
- III. Realizáronse as avaliacións diagnósticas dos alumnos e alumnas demandadas polas familias e titores, ademais de revisar os xa existentes:

EDUCACIÓN INFANTIL:

CURSO	NÚMERO DE ALUMNADO
4º EI	1.- AL (TEA) 1 AL Discapacidade auditiva

	1 AL Estimulación da linguaxe
5º EI	3.-PT e AL (Trastornos do neurodesenvolvemento) 5.-AL- Trastornos dos sons da fala
6º EI	8.-AL- Trastornos dos sons da fala 5- PT- Trastornos da aprendizaxe

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º EP	7 AL Trastornos dos sons da fala e dificultades no proceso lectoescritor 6- Estimulación do proceso lectoescritor
2ºEP	5.-PT (TEA – TDL - Dificultades de aprendizaxe) 10.-AL (TEA – TDL – Trastornos do son da fala- Dificultades no proceso lectoescritor)
3ºEP	6.-PT (TDAH - DIF. DE APRENDIZAXE E LECTOESCRITURA) 4.-AL: Trastornos dos sons da fala
4ºEP	4.-PT (DIF. APRENDIZAXE E LECTOESCRITURA)
5ºEP	4.PT DIF. DE APRENDIZAXE)
6º EP	1 PT- TEA+ Trastorno da conducta

Orientación ás familias:

- IV. Mantivéronse entrevistas coas familias do alumnado ao que se lle realizou unha avaliación psicopedagóxica, e unha vez rematado o informe, informóuselles sobre os resultados e o consello orientador.
- V. Individualmente, nos casos que se valorou oportuno, mantivéronse entrevistas titor-orientadora coa familia para tratar cuestións concretas relacionadas coa educación dos nenos e nenas.
- VI. Individualmente, nos casos que o precisaron, informóuselle tamén sobre determinadas características dos seus fillos e fillas, ofrecéronse pautas concretas de actuación e orientáronse no uso de recursos e servizos do contorno (Asistencia Social do Concello) que deben complementala acción educativa desenvolvida no centro.
- VII. Informouse sobre a solicitude de axudas ao alumnado con NEAE, elaboráronse os informes do Departamento de Orientación que acompañan ás solicitudes e tramitouse a súa solicitude en Inspección Educativa.

Dificultades atopadas por parte da Orientadora:

A principal dificultade que me atopo é o feito de que é un posto que abrangue moita responsabilidade e actuacións de moitos tipos, e non hai tempo para atallar todas as dificultades que se presentan ou para dar resposta a todas as demandas de avaliación de forma eficiente. Outra dificultade é a itinerancia, que non permite realizar un traballo continuado na semana. O nivel de traballo de ambos centros requiren maior horario de dedicación para facer intervencións eficaces.

Un centro de estas características precisa un Departamento de Orientación propio e ademais coas necesidades de este centro precisa certa continuidade para poder levar a cabo tódalas accións pendentes.

Do mesmo xeito, ao longo do curso tivemos diversas reunións co titor de 1º, xa que a metodoloxía da aula non lle estaba permitindo ao alumnado consolidar o proceso lectoescritor. Ademais, a dinámica entre o grupo-aula cada vez é peor, tendo pelexas e faltándose ao respecto de xeito continuo.

Malia a todas as propostas que se fixeron non se modificou a metodoloxía de aula nin a forma de tratar ao alumnado. Deste xeito, desde o DO, tivemos que reforzar a presenza da mestra de PT, apoios e as sesións de AL para intentar reforzar as aprendizaxes deste alumnado.

De 14 nenos e nenas están no Departamento de Orientación 9. Un dato moi significativo.

Por outra parte, de cara a modo de prevención propomos ao profesorado de Educación Infantil que se leve a cabo un traballo sistemático da conciencia fonolóxica ao longo do 2º ciclo. Na aula de 6º de EI desenvolveuse un programa de estimulación da conciencia co axuda da mestra PT na aula ordinaria. Propoñemos que para o vindeiro curso este taller se faga extensible ao resto da etapa.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Priorizar a realización de informes psicopedagóxicos, realizáronse moitos INFORMES para os servizos de saúde.
- Establecer un calendario previsible de reunións cos distintos organismos, para poder xestionar a axenda e o tempo estimado de duración, cun marxe mínimo e máximo.
- A información recollida das entrevistas coas familias do alumnado deberá quedar recollida por escrito e asinada por ambas partes.
- Mercar outras probas que se consideren oportunas para traballar co alumnado que o precise e non as teñamos no Departamento de Orientación.
- Revisión detallada dos expedientes do alumnado de cara o vindeiro curso.

- Seguimento detallado do alumnado nunha base de datos, para evitar a falta de información o chegar unha nova persoa. Aínda que o Do conta cunha Pt definitiva no centro, sería aconsellable tamén dispor desta base de datos, para realizar un seguimento detallado.
- Continuar co programa de Educación emocional e Habilidades Sociais para traballar a nivel centro.
- Propoñer que o alumnado que vai a cursar o vindeiro curso de 3º de EP o faga sen libros de texto prescritos, senón que traballen a través de metodoloxías activas e o Deseño Universal da Aprendizaxe.
- Desenvolver un obxectivo mínimo de cada curso que axuden tanto a titores/as como aos especialistas a ter claro as competencias que debe acadar o alumnado ao rematar o curso. Ao igual que establecer un sistema de cualificacións axeitado e común.

Necesidade de contar con dúas mestras de Audición e Linguaxe a tempo completo no centro, ao igual que outro mestre/a de Pedagogía Terapéutica

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Neste curso 2023/2024 no centro educativo contouse con dúas persoas especialistas en Pedagogía Terapéutica, unha atendía ao alumnado con NEAE dos cursos dende 4º de E.I. ata 5º de E.P. e outra dedicábase, na metade do seu horario, á atención preferente dun alumno de 6º de educación primaria, e a outra metade do horario, apoiaba á clase de 2º de Educación Primaria, debida aos múltiples casos de necesidades que ten a aula, en concreto un TEA cun desfase curricular notorio en relación ao grupo clase, levando a cabo tarefas específicas para un alumno con ACI e traballando, en colaboración coa titora, co resto da clase.

Debido a todas as NEAE coas que conta o centro educativo, o número de sesións non son suficientes e isto débese a falta de especialistas PT; polo que consideramos convinte a necesidade doutro especialista en PT, sen esquecermos de que o grupo de alumnos que pasa para 3º, ten que ter dous mestres na aula a tempo total.

Leváronse a cabo diversos apoios, tanto dentro como fóra da aula ordinaria, atendendo as características, posibilidades e dificultades de cada alumno.

A atención a estes alumnos con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) debería darse unha vez feita unha valoración e avaliación pola orientadora, quen determina a necesidade de derivalo á especialista de PT. Despois, dita especialista fai unha avaliación inicial pormenorizada co fin de elaborar un programa de intervención adaptado a cada alumno e segundo as directrices recollidas no Plan xeral de Atención á Diversidade.

1.- Atención a todo o alumnado.

Recibiron apoio de Pedagogía Terapéutica un total de 29 alumnos e alumnas. As sesións semanais variaron en función das dificultades de cada alumnado e da idade na que se atopa.

-Educación Infantil:

-5º EI: 3 alumnos.

-6º EI: 5 alumnos.

-Educación Primaria:

- 1º curso: 6 alumnos.
- 2º curso: 1 alumnos.
- 3º curso: 6 alumnos.
- 4º curso: 4 alumnos.
- 5º curso: 4 alumnos.

Na aula de 6º de educación infantil, a titora máis a mestra de PT, levamos a cabo durante dous sesións de 50 minutos (mércores e xoves), dentro da aula ordinaria, un traballo específico para desenvolver a conciencia fonolóxica, encamiñado a traballar os cimentos da lectoescritura.

Dificultades atopadas neste centro:

-Trastornos do neurodesenvolvemento.

- Dislexia e/ou trastornos da aprendizaxe.

- Discalculia.

-TDAH

-TEA/ Asperger

2.-Valoración da coordinación coas persoas titoras e coas persoas profesionais externas ao centro educativo.

A coordinación coas diferentes persoas titoras foi periódica, tendo reunións trimestrais en cada avaliación, así como reunións cos gabinetes externos do alumnado que asisten a eles. Tamén resaltar a coordinación estreita co SAT (Servicio de Atención Temprá do Concello de Mos) e cos gabinetes psicopedagóxicos externos.

3.-Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado .

As actividades de reforzo levadas a cabo estiveron encamiñadas a mellorar aspectos como:

1. As funcións executivas: atención, concentración, memoria e planificación.
2. A adquisición e mellora da lecto-escritura.
3. Expresión e comprensión oral.
4. Expresión e comprensión escrita.
5. Motricidade grossa e fina.
6. As operacións matemáticas básicas así como a resolución de problemas.
7. Hábitos de estudo e traballo diario.
8. Habilidades sociais para mellorar as interaccións cos compañeiros.

A valoración foi positiva, pois na avaliación final os resultados mostraron avances significativos co respecto a avaliación inicial.

4.- Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora

Partindo da base que a maioría dos trastornos do neurodesenvolvemento son susceptibles de mellora, consideramos necesario que sigan traballando con apoio tanto dentro como fóra da aula ordinaria, polo tanto, en setembro do 2024, farase unha valoración das necesidades educativas para establecer unha resposta pedagóxica axeitada. Hai que salientar que a evolución da maioría do alumnado foi positiva.

- **Segundo mestre de pedagogía terapéutica.**

Debido ás necesidades específicas do alumnado, a consellería dotou ao centro cun segundo mestre de PT facendo as funcións dun mestre de atención preferente, cubrindo a totalidade do seu horario entre o curso de 2º de educación primaria e 6º de educación primaria.

Este é o terceiro ano que o alumno que está agora en 6º, conta coa figura dun mestre PT que o acompaña; así como o segundo ano para o alumno e a clase de 2º, esta intervención é notoriamente satisfactoria e beneficiosa nas dúas aulas, e non só a nivel destes dous alumnos, senón a nivel da aula, en especial no actual curso de 2º onde o grupo é moi heteroxéneo e conviven moitas NEAE diferentes. Este curso que pasa para terceiro, necesita a tempo completo dúas persoas titoras e unha metodoloxía multinivel que de resposta ás necesidades do grupo.

A miña intervención levouse a cabo sempre dentro da aula, ofrecendo así o meu apoio tamén ao resto do alumnado do grupo. A miña atención estivo sempre coordinada coas mestras titoras e os especialistas buscando a maior inclusión do alumnado no grupo e no centro.

A metodoloxía que se empregou foi a metodoloxía DUA: deseño universal da aprendizaxe.

En relación ao alumno de 6º, traballou os mesmos contidos (agás no caso dos eliminados na AC) e fixo as mesmas actividades co resto das súas compañeiras e compañeiros,

adaptándoos no caso de que fora preciso. Outra metodoloxía que se empregou foi o traballo cooperativo e leváronse a cabo actividades motivadoras e dinámicas para favorecer a súa atención e interese.

Os problemas de conduta do alumno son moito menos frecuentes, pero o alumno segue sen ter motivación polas tarefas curriculares, polo que se valora para o remate da etapa un cambio de escolarización que de ao alumnado unha alternativa que sexa enriquecedora e motivadora para el.

En 6º empregan EDIXGAL, o alumno ten fixación polo uso do ordenador e por facer un uso del non académico, non poder empregar o ordenador da forma que quere xera nel problemas de conduta, polo que se lle retirou e só se lle dá para actividades puntuais.

A aula de 2º de EP presenta moitas dificultades, polo que se volve valorar que en 3º sexan dúas mestras a tempo completo na aula, polo número de alumnos e a nova lexislación, deben conceder esa dobre titoría. O alumnado polo que o segundo mestre de PT comezou nesta aula, progresou de forma moi notoria, segue necesitando os apoios, seguimos coa metodoloxía TEACCH e adecuando as tarefas do grupo para que as poida facer, pero o apoio ao resto do grupo cada vez é máis importante, os cursos van sendo máis esixentes e o alumnado con NEAE cada vez necesita máis apoios e adaptacións en diferentes ámbitos, materias, metodoloxías....As probas académicas dan como resultado a repetición de 4 alumnos/as, esta repetición non garante que este alumnado acade os obxectivos da etapa, e a nivel emocional non sería beneficiario, polo que se decide que promocionen, facendo para o curso unha ACS.

Ó final do curso elaboráronse informes finais de todo o alumnado atendido para deixar constancia do traballo realizado ao longo do curso, dos avances dos nenos/as, os obxectivos acadados, os contidos traballados e as propostas de actuación cara o vindeiro curso.

Así mesmo elaborouse unha previsión de alumnado para o curso 2024-2025.

AUDICIÓN E LINGUAXE

Este curso o Ceip de Petelos contou con dúas mestras de audición e linguaxe, unha delas a xornada completa no centro e outra foi compartida co Ceip Mestre Valverde Mayo; acudindo a este centro os luns, mércores (de 9:00 a 11:20) e venres.

Indicar que debido o gran número de alumnado que precisa intervención de AL, é moi necesario que o vindeiro curso se poida volver contar con dúas mestras de AL: unha en atención preferente e outra que se dedique ao resto das necesidades do alumnado. A situación ideal sería que ambas permanecesen no centro a tempo completo, xa que moitas das intervencións precisan ser case diarias.

As intervencións directas co alumnado que recibiron atención por parte das mestras de Audición e Linguaxe no curso 2023-2024 iniciáronse no mes de setembro, ao igual que iamos desenvolvendo de xeito continuo as seguintes tarefas:

- Avaliación inicial do alumnado con NEAE que xa recibira atención de AL o curso anterior.
- Avaliación do novo alumnado con NEAE no ámbito da comunicación e da linguaxe propostos pola anterior especialista, pola xefa do DO ou polos mestres titores.
- Confección do horario.
- Elaboración da Programación Xeral do curso e dos Programas de intervención Individualizados.
- No mes de xuño, para facilitar a previsión do vindeiro curso, valorouse a todo o alumnado de infantil.

Durante este curso recibiron atención de AL un total de 41 alumnos e alumnas, dende 4º de Educación Infantil ata 3º de Educación Primaria. Para poder ofrecer atención directa a todos eles foi necesario realizar agrupamentos en función das alteracións presentadas.

Dos 41 alumnos atendidos recibiron a alta 5 nenos (2 de 6º EI, 1 de 2º de EP, 2 de 3º EP). Outros quedan pendentes para posible alta segundo sexa a evolución no verán, avaliándose ó comezo do seguinte curso.

As actuacións co alumnado foron temporalizadas e axustadas ás necesidades dos alumnos/as, sufrindo modificacións ó longo do curso segundo a progresión ou aparición de necesidades educativas dos alumnos/as. Ademais o horario de atención foise modificando ao longo dos trimestres en función das altas e dos novos casos presentados. Dentro deste horario dedicouse outra das sesións semanais para a coordinación coa Orientadora e os especialistas de PT, coa finalidade de levar a cabo un seguimento rigoroso do alumnado atendido dende o DO e establecer as coordinacións pertinentes nas intervencións individuais.

Os alumnos/as que recibiron apoio específico por parte da mestra de AL presentaban dificultades nun ou en varios destes ámbitos: comunicación, fala, comprensión e expresión da linguaxe oral e/ou da linguaxe escrita (compoñentes fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático); así como diversos trastornos do neurodesenvolvemento e da aprendizaxe.

A distribución por cursos deste alumnado foi a seguinte:

4º Educación Infantil:

3 alumnos e alumnas

5º Educación Infantil:

8 alumnos e alumnas

6º Educación Infantil:

9 alumnos e alumnas

1º Educación Primaria:

7 alumnos e alumnas

2º Educación Primaria:

10 alumnos e alumnas

3º Educación Primaria

4 alumnos e alumnas

Durante o curso tamén se desenvolveron obradoiros co alumnado de 2º de Educación Primaria, coa colaboración do mestre PT, para traballar a conciencia fonolóxica.

Ó final do curso elaboráronse informes finais de todo o alumnado atendido para deixar constancia do traballo realizado ao longo do curso, dos avances dos nenos/as, os obxectivos acadados, os contidos traballados e as propostas de actuación cara o vindeiro curso.

Así mesmo elaborouse unha previsión de alumnado para o curso 2024-2025.

En canto a consecución dos **obxectivos** propostos, cabe dicir que a nivel xeral foron satisfactorios na súa gran maioría. A maioría dos alumnos/as amosaron unha evolución positiva na superación das súas dificultades.

As **actividades** que se levaron a cabo foron de elaboración propia, manipulativas, mediante xogos e tarefas motivadoras, específicas para o alumnado e axeitadas para as necesidades que presentasen.

A **metodoloxía** empregada baseouse nos principios da aprendizaxe significativa, activa e personalizada, partindo do nivel de desenvolvemento de cada neno/a. Empregáronse recursos motivadores, xogos, lotos fonéticos, programas do proceso lectoescritor...

Ademais facilitouse na medida do posible a coordinación cos titores e titoras correspondentes.

CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

De cara ao vindeiro curso, como xa indicamos, é necesario que a figura do/a mestre/a de Audición e Linguaxe estivese a tempo completo no centro para poder facer fronte a todas as necesidades existentes.

Do mesmo xeito, cremos que o máis convinte para o centro é seguir contando con dúas mestras de Audición e Linguaxe.

14. BIBLIOTECA

O noso centro, CEIP de Petelos , incorporouse ao Plan de mellora de bibliotecas escolares no curso 2019/20. Como centro PLAMBE o equipo de biblioteca elabora unha memoria de actividades e unhas liñas prioritarias de actuación para envíala como memoria do Plambe á Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia.

●Obxectivos curso 2023-24

- 1.-Continuar o rexistro e a catalogación informatizada dos fondos co Meiga.
- 2.-Planificar o traballo do equipo de biblioteca e coordinación cos distintos equipos de centro.
- 3.-Continuar desenvolvendo actividades de dinamización na BE e implicando a toda a comunidade educativa.
- 4.-Fomentar a BE como centro de actividades de metodoloxía innovadoras, imprescindibles para desenvolver proxectos.
- 5.-Potenciar entre o noso alumnado a busca autónoma de información, facendo grupos de formación entre o alumnado para saber xestionar a clasificación de recursos.
- 6.-Adquisición de fondos documentais atendendo ás necesidades e os proxectos do centro en diferentes soportes.
- 7.-Integración e participación do grupo de voluntarios de 5º e 6º durante o recreo.
- 8.-Continuar coa formación do equipo de biblioteca a través de cursos e da PFPP.
- 9.-Adquisición de fondos documentais e diferentes materiais para os proxectos da biblioteca.
- 10.Promoción da lectura , mochila e bolsas viaxeiras, club de lecturas...
- 11.-Implicación e participación das familias nas actividades da biblioteca.
- 12.-Difundir as actividades a través do blog da biblioteca, páxina web do centro , twitter e instagram.

●Liñas prioritarias de actuación para o curso 2024-2025

- 1.- Continuar dinamizando actividades dende a BE e implicando a toda a comunidade educativa.
- 2.- Fomentar a BE como centro de actividades de metodoloxías innovadoras e imprescindibles para desenvolver proxectos.
- 3.- Planificar o PDI, implicando a toda a Comunidade educativa na súa participación mediante actividades..
- 4.-Deseño de novos retos e obradoiros para dinamizar o espazo creativo na BE.

- 5.- Continuar coa adquisición de fondos documentais para impulsar proxectos e necesidades.
- 6.- Implicar ás familias nas actividades/proxecto da BE.
7. Continuar traballando en colaboración cos diferentes equipos para a planificación de actividades.
- 8.- Continuar integrando e formando o alumnado voluntario nas actividades da biblioteca.
- 9.- Continuar a formación do equipo de biblioteca a través de cursos e os PFPP.
- 10.-Difundir as actividades a través do blog e o twiter da biblioteca e o instagram do centro.

●Actividades en relación coa competencia informacional e investigación.

*Mes da ciencia en galego.Dende a biblioteca, Petela propuxo ás aulas unha actividade baseada na realización de experimentos coas temáticas que estiveran a traballar nas aulas .O equipo de biblioteca preparou unha exposición para traballar a temática e preparou unha entrada no blog da biblioteca con recursos para as aulas. Cada grupo traballou na súa aula buscando os materiais, plantexando hipóteses, debatendo sobre cales serían os resultados e, por suposto, experimentando.Cada titoría realizou e gravou o seu experimento. Así compartimos os nosos coñecementos a través de experimentos na biblioteca.Tamén invitamos ás familias a participar da proposta, coa posibilidade de gravalo se non podían facelo no cole.

*PDI "As olimpíadas".Este foi o tema elixido para traballar durante este curso.O día das bibliotecas, 24 de outubro, foi o día elixido para levar a cabo a presentación ao alumnado mediante un programa especial de Radio Petela.Durante todo o curso planificamos as conmemoración en relación a nosa PDI: magosto, nadal, día da paz, entroido... implicando ás familias nas conmemoracións.Ademais as aulas estiveron traballando nos diferentes proxectos en relación coa PDI : exposicións temáticas, programas de radio, lapbook, presentacións dixitais...

*Proxecto Medioambiental de centro. Investigamos sobre o reciclaxe e asistimos a charlas informativas. O primeiro que fixemos foi reducir ao máximo o número de recipientes para reciclar separando: papel e cartón, plásticos e bricks e para facer compostaxe. Colocamos un punto de compostaxe no centro, o compostos que elaboramos, o empregamos para actividades de plantación e horta. As papeleiras do patio que quedaron libres, as transformamos en macetas que decoramos con celebracións anuais do cole (Letras galegas, día do libro, día da muller, diversidade afectivo sexual e funcional....).Xa por último, para rematar o proxecto, estamos elaborando un programa de televisión onde se explica o proxecto, e así o novo alumnado e profesorado pode visualizalo e saber como xestionamos os residuos no centro educativo e darlle difusión por se outros centros queren

seguir os nosos pasos. As aulas contaron ao longo do curso con charlas de expertos e obradoiros para a sensibilización e a concienciación sobre o tema. Polo día do medio ambiente o equipo de biblioteca preparou unha exposición temática.

*Día da Muller. A biblioteca propuxo ás aulas unha investigación para traballar esta conmemoración relacionando a nosa PDI de centro "As olimpíadas" coa celebración desta data, así que as aulas investigaron sobre mulleres no deporte. Cada aula elixiu unha muller para investigar e presentou o traballo na corcheira da biblioteca. Dende a biblioteca o alumnado contou cunha exposición temática no recuncho de lectura para visitar na hora de ler e poder consultar información.

●**Actividades en relación coa dinamización da biblioteca**

Ao longo do curso leváronse a cabo diferentes actividades dende a biblioteca e en colaboración cos distintos equipos do centro.

Hora de ler, mochilas/bolsas viaxeiras, samaín, voluntariado de lectura coa participación do alumnado voluntario de 5º e 6º de primaria, 25 de N, día internacional das persoas con discapacidade, nadal, día da paz, día da muller e a nena na ciencia, entroido, día mundial da radio, día de Rosalía de Castro, día internacional da narración oral, día da poesía, visita á biblioteca municipal, mes do libro con actividades: apadriñamento lector, visita de autores, lecturas dos voluntarios, obradoiros de marcapáxinas, lecturas de profes e familias; visita ao salón do libro de Pontevedra, día da danza, festa dos maios, obradoiros creativos, letras galegas, contacontos na biblioteca, día dos museos e día do medio ambiente.

●**Actividades en relación coa biblioteca escolares**

*Radio Petela. Participamos no proxecto "Radio na biblio". É o quinto ano de vida da nosa radio escolar, divertímonos moito con ela, aprendemos moitas cousas, e...sobre todo, melloramos moito a nosa expresión oral en galego! Durante este curso todas as aulas participaron na radio escolar preparando o seu programa de RadioPetela, moitos relacionados co noso proxecto de centro. Este ano, os cursos encargados da radio foron, ao igual que en anos anteriores, os de 5º e 6º. Estamos moi satisfeitos coa experiencia da radio escolar e da boa acollida que esta ten entre o alumnado, entre o profesorado e entre as familias. Os programas lévanse a cabo na hora de ler. Este curso grazas a participación en Radio na biblio contamos con dous obradoiros de Radio impartidos por Pedro Iglesias.

*Club de lectura "Bibliopetela". Participamos na convocatoria dos Clubs de lectura é o noso 3º ano e contamos con tres clubs de lectura de primaria e un club de adultos formado por familias e mestres.

●**Participación en programas dende a BE**

Durante este curso a biblioteca participou nos programas de: Biblioteca creativa, Radio na Biblio, Clubs de lectura, Lectura e familias e no Voluntariado de lectura-A coas modalidades A: Colaboración coa biblioteca escolar e B: Ler con... D.

●**Actividades de formación do equipo de biblioteca**

O equipo de biblioteca ao completo participou no PFPP de impresora 3D-polos + contando como poñente a Enma Janeiro Torres .

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/>

<https://www.instagram.com/ceippetelos/?next=%2F>

<https://twitter.com/PetelaBiblio>

15. RADIO ESCOLAR



Este foi o quinto curso con Radio Petela funcionando no noso centro. E este ano, foi o terceiro ano que estivemos dentro do programa **Radio na Biblio**, o que nos permitiu facer distintos obradoiros:

Obradoiro de gravación e mestura para Radio e Podcast (2ª parte) impartido por Pedro Iglesias, para 6º e parte de 5º curso. O ano pasado fixeramos a 1ª parte deste obradoiro, centrándonos máis no proceso de gravación, e este ano fixemos a continuación, centrándonos sobre todo no proceso de edición e mestura. Ambos obradoiros foron utilizando o programa de gravación e edición de son Audacity.

Obradoiro de rap, impartido por Pedro Iglesias, para 5º e 6º curso. Neste obradoiro fixemos unha pequena aproximación á definición de rapear, similitudes e diferenzas entre o rap e a poesía. Logo centrámonos nos diferentes recursos que se poden empregar á hora de compoñer, e finalmente o alumnado compuxo alomenos uns versos de rap, que posteriormente algúns se atreveron a interpretar sobre unha base rítmica.

Durante o presente curso, todo o alumnado participou dun xeito ou outro, na radio escolar. Todo isto implicou: decidir o tema do programa, buscar información, preparar o guión, decidir quen vai ser o equipo técnico, distribuír o que le cada un, ensaiar e... por fin emitir en directo! Os programas emítese en directo, pero ao mesmo tempo son gravados, xa que logo son subidos á web do centro, e compartidos no Twitter da biblio de Petela. Logo, facer reconto das papeletas, facer o sorteo entre os acertantes de cada clase, preparar o guión do programa especial de entrega de premios, ensaialo, facer unha conexión especial de radio para dicir o nome dos gañadores e gañadoras do concurso, e... a repartir os premios!!

O **alumnado de Infantil** participou nos micros abertos que estreamos este curso, na semana de Rosalía de Castro, cantando unha canción. Os micros abertos, inauguráronse na semana de Rosalía de Castro durante o recreo, e mantivéronse durante os recreos dos venres.

O **alumnado de 1º curso**, participou nun programa sobre o Apalpador, nunto con Bea, a mestra de AL, no que entrevistaron a Xoan G, autor do libro O Apalpador.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelolos/?q=node/683>

O **alumnado de 2º**, xunto coa súa titora e a mestra especialista en Ed. Física, realizou un programa de radio sobre as Paralimpíadas, relacionado co PDI de centro.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelolos/?q=node/703>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelolos/?q=node/716>

O **alumnado de 3º** realizou un programa sobre os países, xunto coa mestra de Música.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelolos/?q=node/686>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelolos/?q=node/714>

O **alumnado de 4º** realizou un programa sobre os cantos de Nadal, no que entrevistaron á xente da Comunidade de Montes de Tameiga, que este ano recuperou a tradición de ir pedir o aguinaldo polas casas de Tameiga, xunto coas mestras de Música e Inglés. Con este programa participamos na celebración do Día Mundial da Radio, proposta por Ponte... Nas Ondas!

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelolos/?q=node/689>

O **alumnado de 5º** realizou un programa de radio sobre o humor, xunto á súa titora.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepotelos/?q=node/688>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepotelos/?q=node/715>

O **alumnado de 6º**, realizou un programa sobre as olimpíadas, xunto á mestra de Ed.

Física <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepotelos/?q=node/704>

e un podcast sobre Luisa Villalta, co que participaron no concurso de Podcast de Radio na

biblio <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepotelos/?q=node/717>

Así mesmo elaboraron un podcast en inglés englobado no proxecto de centro sobre as olimpíadas, en concreto sobre a cidade olímpica de Londres:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepotelos/?q=node/692>

Os programas seguíronse levando a cabo nas horas de lectura, avisando previamente do día. Este horario funciona moi ben, porque todo o noso alumnado e profesorado está escoitando atentamente dende as súas aulas.

Valoración e propostas de mellora.

A valoración do funcionamento da nosa radio escolar foi moi positiva, pois resultou unha actividade moi motivante para o alumnado, para o profesorado, así como para as familias, que poden acceder dende as súas casas á web do cole e escoitar os distintos programas. Ademais, seguimos mellorando ano a ano, grazas aos distintos obradoiros de Radio que podemos levar a cabo grazas a estar dentro do programa Radio na biblio.

Resultou positivo ter as mesmas persoas encargadas de ser equipo técnico de radio, xa que nos permite poder realizar máis programas, e que sexan eles quen realicen sós os programas, estando a mestra responsable da radio só para supervisar. Para o vindeiro curso seguiremos na mesma liña.

Ademais, valoramos moi positivamente a posta en marcha dos micros abertos os venres, xa que, ademais de ser motivante e divertido para o alumnado (tivo unha gran aceptación e participación), foi unha práctica moi boa para os que querían practicar o de manexar os controis. Ademais, é unha oportunidade que se brinda a toda aquela persoa que se queira expresar, adicar unha canción, felicitar aniversarios...

Como obxectivo para o próximo ano, é que a edición dos programas de radio para subilos á web co cole, que ata agora a realizaba a mestra responsable da radio, a realice o alumnado de 6º curso, para o cal fixemos un obradoiro, no cal aprenderon a manexar o programa Audacity, que teñen nos seus ordenadores de E-dixgal.

Ademais, a idea é seguir na liña de seguir abrindo a radio á nosa contorna, facendo partícipe dela a persoas veciñas, familiares, ou calquera que nos poida aportar algo, ben mediante entrevistas, contacontos, falar sobre algún tema en concreto...

Este ano botáronse en falta as dúas horas que tiñamos asignadas por horario, nos cursos de 4º e 6º, adicadas á radio escolar, xa que nos limitou un pouco á hora de preparar os programas... Como proposta de mellora, estaría ben facer distintos obradoiros de forma estable (radio, plástica, pandeireta e canto tradicional, teatro...), para que o alumnado fose rotando e puidese ir descubrindo o que lle gusta, tendo a oportunidade de expresarse e de descubrir os seus talentos, ao tempo que poderíamos traballar e desenvolver un pouco máis en profundidade a nosa radio escolar.

16. PLAN PROXECTA+

Como cada curso escolar dende o centro participamos nos PVAS para tratar de fomentar no noso alumnado e nas súas familias uns hábitos de vida activa e saudable, facendo propostas para tratar de aumentar a actividade física do noso alumnado e despertar o interese por diferentes modalidades deportivas, para que coñecendo diferentes propostas poidan elixir aquela que mellor se axuste os seus intereses, pois consideramos que é dende a familia onde comeza o cambio e a mellora.

Realizáronse actividades dentro e fora do centro e tanto en horario escolar coma fora do horario escolar. Estas actividades realizáronse en colaboración do Concello e da ANPA. Neste curso aumentouse o número de actividades extraescolares deportivas. Algunhas das actividades realizadas son as seguintes:

- Actividade promoción Balonmán (Primaria)
- Actividade promoción Karate
- XOGADE-Voleibol
- Competicións deportivas no recreo
- Almorzos saudables
- Actividade Coñece o Baile deportivo (2º Primaria)
- “Xornada Xogos tradicionais(xogos de madeira)”
- “Petela Olimpíadas”
- Campo a través
- Dúas Xornadas intercentros Porriño-Mos
- Xornada Intercentros Voleibol e atletismo (IFEVI)
- Andaina pola Lingua
- Actividade no medio acuático-Surf

17. CP-INCLÚE

Dentro deste programa realizáronse accións que interveñen no fomento da coeducación, isto é, a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; a prevención, a detección e o tratamento das violencias machistas; e a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual e de xénero.

1. Fomento de vocacións STEAM nas nenas.
2. Actividades relacionadas coa igualdade e violencia de xénero.
4. Actividades para o desenvolvemento, coñecemento e visibilización da diversidade afectivo-sexual. Traballo de diversidade e LGTBI. Charlas ARELAS
5. Deporte en feminino.

Desenvolvemos medidas para mellorar a inclusión no noso centro, centrándonos no respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

1. Escola de nais e pais, con charlas e actividades.
2. Traballo e coñecemento das diferentes diversidades funcionais no noso día a día.
3. Traballo en relación ao deporte adaptado. Que o noso alumnado coñeza diferentes modalidades deportivas de deporte adaptado e deportistas con diversidade funcional. Charlas/entrevistas con deportistas con diversidade funcional.
4. Adaptación do centro para a comprensión de espazos (Unificación de pictogramas e melloras na mobilidade no centro)

Desenvolveronse propostas educativas, que axudan a desenvolver o benestar emocional, persoal e social e melloran a calidade de vida, así como o estratexias que favorecen o aumento da autoestima, a empatía e a resiliencia, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.

1. Programa de educación emocional/ Habilidades emocionais/Habilidades sociais.
2. Charlas coas familias -Escola de pais e nais.
3. Programa de educación en valores co alumnado- Escola do Benquerer (Fundación meniños e formación mediadores (Aldeas infantiles).

18. ANPA

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS C.E.I.P. DE PETELOS
ESTIVADA – PETELOS. 36416 – MOS

CURSO 2023-2024
NIF: G-36174753

A DIRECTIVA DA ANPA DO CEIP DE PETELOS COMPONSE DE 9 MEMBROS
REPARTIDOS
DA SEGUINTE FORMA:

PRESIDENTA, VICEPRESIDENTA, SECRETARIA, TESOUREIRA E 5 VOGAIS.

De todos é coñecida a importancia da existencia dunha Anpa no Centro, xa que o fin desta Asociación é establecer canles para a participación dos pais na función educativa dos alumnos do Centro, para acadar a mellora do Colexio, tanto nas tarefas de ensinanza (difusión cultural, actividades extraescolares, etc...) como proxectos que se consideran necesarios para o benestar dos nenos/nenas.

NESTE CURSO 2023-2024 A ANPA DEDICOUSE A XESTIONAR UNHA SERIE DE
SERVIZOS QUE NOMEAMOS A CONTINUACIÓN:

- COMEDOR ESCOLAR :

Este curso que rematou, como os anos anteriores, o Catering que leva o noso comedor é GRUPO GALLEGO CATERING ARELAS. O custo do menú oscila entre 6 e 4,40 € por neno e día, dependendo do número de días que usen o servizo. Este servizo do comedor, foi xestionado conxuntamente coa dirección do Centro, comezando o primeiro día de clase e rematando o 21 de xuño, coincidindo co remate do curso, en horario de 14:15 h a 16:00 h. Solicitamos a subvención do comedor da Xunta de Galicia, que nos foi concedida, e que o importe recibido destinamos ao pago dun tercer monitor o día da semana de máis demanda de usuarios no comedor e tamén ocupámonos da compra de materiais que se necesitaron para o servizo de comedor, cepillos de dentes, pasta, manteis... e supervisar e ter contacto continuo coa empresa de Catering, para conseguir que o servizo sexa o correcto..

Tamén destacar que existe unha axuda de 2€/menú por parte do Concello para as familias que cumpran unha serie de requisitos que o Concello estipula nas súas bases, tendo en conta as rentas das familias solicitantes.

● AULA MADRUGA:

O servizo “ AULA MADRUGA “ estivo activo todos os días lectivos do curso, incluíndo o primeiro e o último día. Nesta ocasión foi xestionado pola ANPA a través da empresa de servizos Actex. A oferta foi variada: dende as 07:30 as 09:00h ,con opción de mes completo, medio mes ou días soltos, con almorzo ou sen almorzo... O prezo medio ronda os 30€ mensuais, 15€ medio mes (para os nenos fixos) e de 4€ diarios para os eventuais. Este servizo que en cursos anteriores non tiña tanta demanda, neste curso tivo moita afluencia. Unha vez mais, confirmamos que é un servizo imprescindible para favorecer a conciliación familiar. Ademais de para as familias habituais, a aula madruga é un servizo que da tranquilidade a esas familias que precisen recurrir a esta opción de xeito extraordinario. Por iso é imprescindible que esté en funcionamento ó longo de todo o curso.

● ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Este curso continuaron e ampliaronse as actividades extraescolares ofertadas.

As que acadaron mínimo de alumnos inscritos e que conseguiron saír son:

I. Baile moderno, impartido pola bailarina profesional de baile Patricia Martínez, a través da empresa Actex. Esta actividade dividiuse en dous grupos: pequeño baile para os alumnos de infantil, e baile moderno para os de primaria.

II. Inglés lúdico, para os nenos de infantil, a través da empresa Actex

III. Multideporte e balonmán (actividades gratuítas), piscina (piscina municipal), e Inglés ofertadas polo concello.

IV. Patinaxe (pabellón Oscar Pereiro), xestionado entre varias Anpas do concello de Mos.

V. Defensa persoal impartida por un profesional autónomo.

VI. Cociña, impartido por la empresa Actex.

VII. Pintura, impartido por un profesional autónomo

VIII. Kárate, impartido por un profesional autónomo

Todas as actividades deron comezo no mes de outubro e rematan a finais do curso, a excepción das actividades ofertadas polo concello que rematan no mes de maio.

Estas actividades son xestionadas pola ANPA e realízanse, a excepción de natación e patinaxe, no centro escolar en horario non lectivo a partir das 16 h, horario no que remata o servizo comedor, co fin de seguir favorecendo a conciliación familiar.

OUTRAS ACTIVIDADES

Ademais, entre as tarefas levadas a cabo durante este curso, colaboramos co centro en:

- Participar nas reunións do Consello escolar.
- Xestionar o Seguro escolar.
- Reunións da AGRUPACIÓN DE ANPAS DE MOS.
- Mantemos reunións co Concello para coordinar as colaboracións entre os tres bandos (colexio-anza-concello) e comunicar aquelas necesidades detectadas que xurden ó longo do curso.
- Organizamos e xestionamos varias festas (Samaín, nadal, entroido...) para promover a convivencia das familias do centro.
- Para a festa do Magosto compramos as castañas para todo o alumnado.
- No nadal organizamos un concurso de postais navideñas.
- Colaboramos co centro na difusión de charlas, obradoiros, e eventos de especial importancia.
- Ós nenos da escola a Anpa faille un detalle no remate do curso, unha axenda ou caderno para o vindeiro curso e un agasallo máis lúdico.
- Xestionamos, nesta ocasión, as fotos das orlas, para os alumnos de 6o de infantil e 6o de primaria, ademais dunha foto de grupo por cada clase.
- Organízase a festa de fin de curso.
- No verán xestionase unha saída para toda a comunidade, no verán 23 fomos as Illas Cies, e nesta ocasión as Illas Ons coa colaboración da deputación de Pontevedra.
- Subvenciónanse as excursións escolares ós socios.
- Faiselles entrega dun carné de socios as familias para obter descontos en distintos comercios asociados da comarca, que nesta ocasión negociamos entre todas as Anpas do Concello de Mos.